

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Plan de Autoprotección da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE



Realizado por QUIRONPREVENCIÓN
D. M^a Almudena Morales Pérez
Técnico Superior Prevención Riscos Laborais

Aprobado polo Titular da Actividade
D.

Data: 9 de novembro de 2023

Data.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Rexistros da Documentación

<i>Histórico de revisións</i>		
<i>Nº revisións</i>	<i>Data</i>	<i>Autor</i>
0	Marzo 2006	MUTUA UNIVERSAL
1	Marzo 2016	ASPY
2	Outubro 2017	Quironprevención
3	Maio 2018	Quironprevención
4	Xuño 2018	Quironprevención
5	Novembro 2018	Quironprevención
6	Novembro 2018	Quironprevención
7	Xullo 2020	Quironprevención
8	Novembro 2023	Quironprevención

Índice paxinado

Introdución e obxectivos do plan.....	7
<i>Introdución.....</i>	8
<i>Obxectivos.....</i>	8
<i>Regulamentación e normativa de referencia.....</i>	¡Error! Marcador no definido.
Capítulo 1. Titulares e localización da actividade.....	9
1.1 <i>Denominación e localización da actividade.....</i>	14
1.2 <i>Titular da actividade.....</i>	14
1.3 <i>Director do Plan de Autoprotección e Xefe de Emerxencias.....</i>	15
Capítulo 2. Descrición da actividade e do medio físico no que se desenvolve.....	17
2.1 <i>Descrición das actividades desenvolvidas.....</i>	18
2.2 <i>Descrición do centro, dependencias e instalacións onde se desenvolven as actividades.....</i>	19
2.3 <i>Características Construtivas, Instalacións, e Condicións Xerais do Deseño Arquitectónico.....</i>	22
2.4 <i>Clasificación e descrición dos usuarios.....</i>	25
2.5 <i>Descrición do ámbito no que figura a Escola Técnica Superior de Enxeñaría.....</i>	26
2.6 <i>Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a Axuda Externa.....</i>	27
2.6.1. <i>Vías de acceso.....</i>	27
2.6.2. <i>Condicións do ámbito do edificio.....</i>	27
2.6.3. <i>Condicións de accesibilidade por fachada.....</i>	28
2.6.4. <i>Condicións de accesibilidade por fachada para persoas.....</i>	28
2.6.5. <i>Medios exteriores de Protección.....</i>	29
Capítulo 3. Inventario, análise e avaliación de riscos.....	30
3.1 <i>Elementos, instalacións, procesos de produción, etc. que poden dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de xeito desfavorable no seu desenvolvemento.....</i>	31
3.2 <i>Identificación, análise e avaliación dos riscos propios da actividade e dos riscos externos que puidesen afectala.....</i>	32
3.2.1 <i>Identificación dos riscos.....</i>	32

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

3.3 Identificación, cuantificación e tipoloxía das persoas tanto afectas á actividade como alleas a esta que teñan acceso aos edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.....	37
Capítulo 4. Medidas e medios de autoprotección.....	41
4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón a entidade para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos servizos externos de emerxencias	42
4.1.1 Medios Técnicos para a Detección e Extinción de Incendios.....	42
4.1.2. Instalación de Iluminación de Emerxencia.	44
4.1.3 Sinalización	44
4.1.4 Elementos da evacuación. Saídas, saídas de emerxencia, portas.....	45
4.1.5 Compartimentación en Sectores de Incendio – Protección Pasiva Contra Incendios.....	47
4.1.6 Medios Humanos.....	47
Capítulo 5. Programa de mantemento de instalacións	48
5.1 Mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o seu control.....	49
5.2 Mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a súa operatividade.....	50
5.3 Inspeccións de seguridade de acordo coa normativa vixente.....	53
Capítulo 6. Plan de actuación ante emerxencias	58
6.1 Identificación e clasificación das emerxencias.....	60
6.1.1 En función do tipo de risco.....	60
6.1.2 En función da gravidade.....	60
6.1.3 En función da ocupación e medios humanos.....	61
6.2 Procedementos de actuación ante emerxencias.....	63
6.2.1 Detección e Alerta.....	63
6.2.2 Mecanismos de Alarma	64
6.2.2.1 Identificación da persoa que dará os avisos.....	66
6.2.3 Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.....	66
6.2.4 Evacuación e/ou Confinamento.....	67
6.2.5 Prestación das Primeiras Axudas.....	68
6.2.6 Modos de recepción das Axudas externas.....	69
6.3 Identificación e funcións das persoas e equipos que levarán a cabo os procedementos de actuación en emerxencias	71
6.3.1 Estrutura Xeral.....	71

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

6.3.2 Funcións Asignadas en "HORARIO DE PLENA ACTIVIDADE"	72
6.3.2 Funcións Asignadas en "HORARIO DE ACTIVIDADE REDUCIDA OU NON HABITUAL"	78
6.3.3 Composición dos Equipos	80
6.4 Identificación do responsable da posta en marcha do plan de actuación ante emerxencias	81
Capítulo 7. Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior	82
7.1 Protocolos de notificación de emerxencia.....	83
7.2 Coordinación entre a dirección do plan de autoprotección e a dirección do plan de protección civil onde se integre o plan de autoprotección.....	83
7.3 Formas de colaboración da organización de autoprotección cos plans e as actuacións do sistema público de protección civil.....	84
Capítulo 8. Implantación do plan de autoprotección	86
8.1 Identificación do responsable da implantación do plan.....	87
8.2 Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no plan de autoprotección.....	87
8.3 Programa de formación e información a todo o persoal sobre o plan de autoprotección.....	90
8.4 Programa de información xeral para os usuarios.....	90
8.5 Sinalización e normas para a actuación dos visitantes.....	91
8.6 Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.....	92
8.7 Programa de implantación do plan de autoprotección.....	93
Capítulo 9. Mantemento da eficacia e actualización do Plan de autoprotección	95
9.1. Programa de reciclaxe de formación e información.....	96
9.2. Programa de substitución de medios e recursos.....	96
9.3. Programa de exercicios e simulacros.....	96
9.4. Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do plan de autoprotección.....	99
9.5. Programa de auditorías e inspeccións.....	99
Anexo I. Directorio de comunicación	100
Composicións dos Equipos de Emerxencias. Teléfonos dos seus compoñentes.....	101
Teléfonos da axuda exterior.....	103
Anexo II. Formularios para a xestión de emerxencias	104
Anexo III. Planos	110

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Anexo IV. Procedementos operativos para os diferentes tipos de emerxencia 111

Anexo V. Fichas para as distintas funcións das persoas que interveñen nas emerxencias 133

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Introdución e obxectivos do plan

Introdución

A lexislación española, que se cita máis adiante, establece a necesidade de que os titulares de determinadas actividades, en función das súas características adopten as medidas necesarias para previr as posibles situacións de emerxencia que poidan suceder, así como para establecer os criterios de actuación no caso de que algunha desas emerxencias poida chegar a producirse.

De acordo con esta obriga, redáctase o presente Plan de Autoprotección para o Centro da Universidade de Santiago de Compostela, Escola Técnica Superior de Enxeñaría, en diante ETSE, situada na Rúa Lope Gómez de Marzoa, no Campus Vida, en Santiago de Compostela, A Coruña, España.

Para a elaboración deste Plan tívose en conta a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, en diante norma Básica de Autoprotección (R.D. 393/2007 do 23 de marzo de 2007. B.O.E. nº 72 do 24 de marzo de 2007).

Obxectivos

O obxectivo principal do presente Plan é previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar resposta axeitada ás posibles situacións de emerxencia, na zona baixo a responsabilidade do titular da actividade, garantindo a integración destas actuacións co sistema público de Protección Civil.

Tamén son obxectivo deste Plan.

- A descrición do establecemento, as súas instalacións e os sectores ou zonas de risco potencial.
- Identificar, analizar e avaliar os riscos propios e os externos.
- Establecer formas de colaboración co sistema público de Protección Civil.
- Garantir a fiabilidade das instalacións e dos medios de protección.
- Garantir a dispoñibilidade de persoas formadas e preparadas para unha rápida e eficaz actuación.
- Garantir a intervención inmediata, a evacuación e/ou confinamento (no caso necesario).
- Facilitar as inspeccións dos Servizos da Administración.
- Garantir a intervención da Axuda Externa.
- Previr dos posibles sucesos adversos a todas aquelas actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións e dependencias recollidos no anexo I que poidan resultar afectadas por situacións de emerxencia
- Identificar os medios de protección existentes e necesarios para mitigar os posibles sucesos. (humanos e materiais).

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

- Organizar os medios humanos e materiais, e planificar as súas obrigas.
- Cumprir a normativa vixente.

Todo iso baixo os seguintes principios.

- Evitar os posibles accidentes ou sucesos.
- Combater os sinistros na súa fase inicial.
- Tratar, sempre que sexa posible, de combater o sinistro cos medios dispoñibles no propio centro.
- Dirixir a evacuación do persoal a zonas de seguridade.
- Prestar axuda ás posibles vítimas.
- Comunicarse e cooperar cos organismos e servizos públicos.

Non é obxecto do presente documento establecer un plan de adecuación dos medios de protección ou das vías de evacuación. Para estes efectos deben consultarse as recomendacións establecidas ao efecto na Avaliación de Riscos Laborais ou nos Estudos Técnicos Específicos.

Para conseguir os obxectivos formulados, o contido deste Plan de Autoprotección axústase ao establecido no Anexo II da Norma Básica de Autoprotección (R.D. 393/2007).

Regulamentación e normativa de referencia

O marco legal establecido ao amparo do R.D. 393/2007, do 23 de marzo, publicado no BOE nº 72/2007, de 24 de marzo, que aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia; foi modificado polo R.D. 1468/2008, de 5 de setembro, publicado no BOE nº 239/2008, do 3 de outubro.

Para a Elaboración do Plan de Autoprotección, tamén lle é de aplicación calquera disposición legal obrigatoria e/ou recomendada.

A continuación enumérase parte da lexislación aplicable, clasificada en distintos apartados.

Normativa de Autoprotección

- Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia; modificado polo Real Decreto 1468/2008, do 5 de setembro, polo que se aproba a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

- Decreto 172/2022, de 6 de outubro, polo que se aproba o catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que fixa o contido de esas medidas.

Normativa de Protección Civil

- Lei 5/2007, de 7 de maio, Lei de Emerxencias de Galicia.
- RD 524/2023, de 20 de xuño, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil.
- Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia.

Normativa de Prevención de riscos laborais

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos servizos de Prevención.
- Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais.
- Real Decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.
- Real Decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.
- Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto. 681/2003, do 12 de xuño, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores expostos aos riscos derivados de atmosferas explosivas no lugar de Traballo.
- Real Decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición aos axentes biolóxicos durante o traballo.
- Real Decreto 171/2004, de Coordinación de Actividades Empresariais en materia de Prevención de Riscos Laborais.

Reglamentación sobre especificacións en instalacións de seguridade e mitigación

- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.
- Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con minusvalía/discapacidade.
- Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o regulamento de instalacións de protección contra incendios (R.I.P.C.I.).

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

- Real Decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.
- Real Decreto 842/2013, de 31 de outubro, polo que se aproba a clasificación dos produtos de construción e dos elementos construtivos en función das súas propiedades de reacción e de resistencia fronte ao lume.
- Real Decreto 2177/1996, de 4 de outubro, polo que se aproba a Norma Básica de Edificación "NBE-CPI/96: Condicións de Protección contra incendios dos edificios".

A entrada en vigor do Código Técnico de Edificación, o 29 de marzo de 2006, derroga a anterior normativa en materia de protección contra incendios nos edificios. O Código será de aplicación a:

- Obras de edificación de nova construción, cuxo proxecto precise de licencia o autorización legalmente exigible.
- Obras de ampliación, modificación, reforma ou rehabilitación que se realicen en edificios existentes, sempre e cando ditas obras sexan compatibles coa natureza da intervención e, no seu caso, có grado de protección que poidan ter os edificios afectados.
- Cando pretenda cambiarse o uso característico en edificios existentes.

O CTE no ten aplicación con carácter retroactivo polo que aos edificios con licencia de obras outorgada con anterioridade ao 29 de marzo de 2006 o CTE no lle será de aplicación. Sen embargo, dado que é a normativa vixente actualmente en protección contra incendios de edificios, utilízase como normativa de referencia para a elaboración do presente Plan de Autoprotección tal e como indica o RD 393/2007.

Actividades de Almacenamento de Produtos Químicos

- Real Decreto 656/2017, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Almacenamento de Produtos Químicos e as súas Instrucións Técnicas Complementarias MIE APQ 0 a 10.

Actividades Industriais

- Real Decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión e Instrucións Técnicas Complementarias; modificado por Resolución de 9 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeneral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, pola que se actualiza o listado de normas da instrución técnica complementaria ITC-BT-02 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto.
- Real Decreto 1027/2007, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

- Real Decreto 203/2016, de 20 de maio, polo que se establecen os requisitos esenciais de seguridade para a comercialización de ascensores e compoñentes de seguridade para ascensores.
- Real Decreto 809/2021, de 21 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de equipos a presión e as súas instrucións técnicas complementarias.
- Real Decreto 1644/2008, do 10 outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas.
- Real Decreto 346/2011, de 11 de marzo, polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicación no interior das edificacións.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial....

Outra normativa

- Real Decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro de accesibilidade.
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais de toda esta normativa seguiuuse a "Guía Técnica para a elaboración dun Plan de Autoprotección", publicada pola Dirección Xeneral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Capítulo 1

Titulares e localización da actividade

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

1.1 Denominación e localización da actividade

O centro da *Universidade de Santiago de Compostela* onde se desenvolve a actividade á que fai referencia o presente Plan de Autoprotección é o seguinte.

Datos do centro					
<i>Nome do centro</i>	Escola de Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE).				
<i>Denominación da actividade</i>	Centro da Universidade de Santiago de Compostela encargado da xestión e organización de estudos no ámbito da enxeñaría.				
<i>Dirección</i>	Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n Campus Vida				
<i>Localidade</i>	Santiago de Compostela	de	CP	15.782	<i>Provincia</i> A Coruña
<i>Teléfono</i>	881 81 67 01			<i>Fax</i>	881 81 67 02
<i>E-mail</i>	Secretaría: etse.secredireccion@usc Dirección: etse.direccion@usc.es			<i>Web</i>	http://www.usc.es/etse

1.2 Titular da actividade

O titular do centro onde se desenvolve a citada actividade é o seguinte.

Datos do titular da actividade					
<i>Razón social</i>	Universidade de Santiago de Compostela				
<i>Dirección</i>	Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n				
<i>Localidade</i>	Santiago de Compostela	de	CP	15.702	<i>Provincia</i> A Coruña
<i>Teléfono</i>	881 811 001 881 811 000 Ext. 11001			<i>Web</i>	http://usc.es/

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

1.3 Director do Plan de Autoprotección e Xefe de Emerxencias

O **Director/a do Plan de Autoprotección** será a persoa responsable única para a xestión das actuacións encamiñadas á prevención e o control de riscos, ademais da xestión de todos os aspectos relacionados co Plan de Autoprotección.

Mentres non hai ningunha emerxencia responsabilizarase de:

- Xestionar todo o necesario para evitar que xurda calquera emerxencia.
- Programar simulacros.
- Programación de formacións.
- Revisión dos medios de extinción dispoñibles.

A persoa que o titular da actividade designou como Director/a do Plan de Autoprotección é:

Director do Plan de Autoprotección				
<i>Cargo</i>	Director do Centro			
<i>Nome:</i>	Julia González Álvarez			
<i>Dirección</i>	Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n Campus Vida			
<i>Localidade</i>	Santiago de Compostela	<i>CP</i>	15.782	<i>Provincia</i> A Coruña
<i>Teléfono</i>	<u>CONSERXARÍA:</u> 881 81 67 00 <u>Secretaría:</u> 881 81 67 01 Dirección: Fixo: 881816761			
<i>E-mail</i>	etse.direccion@usc.es julia.gonzalez@usc.es			

O **Xefe de Emerxencias**, é a persoa (con autoridade e capacidade de xestión) responsable única, de activar o plan de acordo co establecido neste:

- Declarando a correspondente situación de emerxencia.
- Notificando ás autoridades competentes de Protección Civil.
- Informando o persoal.
- Adoptando as accións inmediatas para reducir as consecuencias do accidente ou suceso.
- Igualmente será responsable de dirixir todas as actuacións.

Neste caso, a persoa que o titular da actividade designou como Xefe de Emerxencias, coincide ca mesma designada como Director do Plan de Autoprotección.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Xefe de Emerxencias

Cargo Director do Centro

Nome: Julia González Álvarez

Dirección Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida

<i>Localidade</i>	Santiago de Compostela	<i>CP</i>	15.782	<i>Provincia</i>	A Coruña
-------------------	------------------------	-----------	--------	------------------	----------

Teléfono Conserxaría: 881 81 67 00
Secretaría: 881 81 67 01

Dirección:
Fixo: 881816761

E-mail etse.direccion@usc.es
julia.gonzalez@usc.es

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Capítulo 2

Descrición da actividade e do medio físico no que se desenvolve

2.1 Descrición das actividades desenvolvidas

A ETSE é un Centro da Universidade de Santiago de Compostela encargado da Xestión e Organización de Estudos no ámbito da Enxeñaría. Foi creada no ano 2003 co obxectivo de dar acubillo ás titulacións tecnolóxicas do Campus de Compostela nos ámbitos das Enxeñerías Ambiental, Informática e Química.

A ETSE ten como misión principal contribuír á formación integral, nun entorno estimulante de innovación e de relacións humanas, de enxeñeiras e enxeñeiros comprometidas/os co desenvolvemento da sociedade baixo principios éticos, de solidariedade, de igualdade de xénero e de sustentabilidade.

A actividade docente desenvólvese en catro tipos de instalacións: Aulas de Pizarra, Aulas de Informática, Laboratorios Experimentais e Planta Piloto de Enxeñaría Química. Esta actividade está impartida por un colectivo numeroso de docentes, tanto do propio Centro como doutros Centros da Universidade de Santiago e mesmo docentes doutras Universidades, así como de empresas no caso formación específica en investigación ou cursos de especialización. O plan de organización docente é moi complexo, con actividades obrigatoriamente presenciais e outras non obrigatorias, visitas de campo e prácticas ou estancias noutros centros. As actividades formativas impártense a un colectivo de case 1000 persoas.

A actividade investigadora, plenamente internacionalizada, desenvólvese en 20 instalacións dedicadas a tal fin que se integran dentro do edificio ETSE e que se compón de máis de 50 liñas de investigación. Nas instalacións manéxanse sustancias químicas perigosas e contan con equipamento de elevado custo. Nesta actividade intégranse tanto investigadores profesionais, pertencentes ao ámbito da Lei 31/1995, como alumnos, nacionais e de programas de intercambio, e investigadores estranxeiros, non pertencentes ningún deles ao ámbito da Lei 31/1995.

Asociacións profesionais de Enxeñaría dispoñen de Despacho permanente no Centro e realizan algunhas actividades propias da Asociación. Estas actividades son moi variables, non programables temporalmente e cun número de participantes tamén moi variable.

Para o funcionamento do Centro, requírese a actividade de Administración e Servizos, realizada polo persoal de Administración, Asuntos Económicos, CONSERXARÍA e Técnico de Laboratorio. O persoal de Administración e Asuntos Económicos realiza labor exclusivo de oficina e atención ao público. O persoal de CONSERXARÍA realiza labor de atención ao público, supervisión do estado das instalacións e relación coa oficina de infraestruturas para o seu mantemento, labores de apoio no funcionamento de infraestruturas das Aulas e relación coa oficina de infraestruturas e área TIC para o seu mantemento, pequenas reparacións no Centro (cambio de luminarias, pequenos labores de carpintería) e transporte de paquetería e materiais dentro do Centro. O Técnico de Laboratorio realiza as tarefas necesarias para o mantemento dos laboratorios docentes (mantemento de inventarios, equipamento e pequenas reparacións no Taller Mecánico que posúe o Centro).

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Todas as instalacións contan coa preceptiva Avaliación de Riscos.

Para o mantemento das infraestruturas docentes e de investigación, e soporte de toda a actividade, tanto no seu compoñente profesional como social, ten que acceder ao Centro persoal concorrente procedente de empresas de subministración, empresas de instalación e mantemento, servizos de mensaxería, empresas de comunicación e servizos de catering.

A ETSE, ademais da actividade docente e investigadora habitual, acolle outras actividades académicas, de extensión académica e actividades externas á Institución.

Aos participantes nas actividades anteriormente mencionadas, hai que engadir un número importante de visitas. Por outra banda, entre as infraestruturas do centro atópase unha biblioteca de acceso público.

A Escola desexa distinguirse polo seu espírito innovador en Docencia e Investigación e sempre amosou unha especial sensibilidade con todo o relacionado coa protección das persoas, como demostra a Certificación OHSAS 18.001, que posúe dende o ano 2012.

2.2 Descrición do centro, dependencias e instalacións onde se desenvolven as actividades

A Escola Técnica Superior de Exeñaría conta con dous edificios contiguos: Edificio de de Docencia e o da ETSE, cada un deles composto por 6 niveis, os cales comunican internamente entre si nas seguintes zonas:

- Nivel 0: comunicación a través de dúas portas de dobre folla.
- Nivel -1 da ETSE e o Nivel -2 do Edificio de Docencia están comunicados a través dunha porta de emerxencia.
- Nivel -2 da ETSE e o Nivel -4 de Docencia comunican a través dun portalón que dá acceso a un ascensor que sube os distintos niveis do Edificio de Docencia.

Edificio de Docencia:

Edificio destinado fundamentalmente a uso de Docencia e CONSERXARÍA, que conta coas dependencias incluídas na seguinte táboa, comunicadas todas elas a través dunha escaleira de ancho variable (E1), e tamén a través dun ascensor que comunica a Biblioteca co Nivel 4.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Escola Técnica Superior de Enxeñaría	
Edificio de Docencia	
Nivel	Descrición
Nivel 1	Neste Nivel atópase a Biblioteca da Escola cun aforo de 182 prazas, que consta de 2 plantas comunicadas entre elas, a través de 2 escaleiras nos laterais da mesma, de 1,40 m de ancho cada unha dela (E4 e E3). O acceso a Biblioteca faise a través dunha porta de dobre folia de cristal, de apertura e peche automáticos e bloqueo manual. Ademais conta con 2 portas de saída de emerxencia aos laterais que comunican directamente coa terraza.
Nivel 0	Atópanse as Aulas de Informática I1, I2, cun Despacho Auxiliar entre ambas, e a Delegación de Alumnos. Dito Nivel comunica co Nivel 1, a través da escaleira E1 de 2,40 m de ancho, e con Nivel -1, a través da escaleira E1 de 4 m de ancho, e tamén a través de ascensor.
Nivel -1	Comunica con Nivel -2 a través de escaleira E1, de 2,40 m de ancho, e tamén a través de do ascensor. Neste Nivel atópase a CONSERXARÍA de Escola, a Aula de Traballo -1, o Servizo de Reprografía, utilizado na actualidade tamén coma almacén, as aulas 5, 6, 7, e 8, e os Aseos para Discapacitados (tanto os masculinos como os femininos).
Nivel -2	Comunica con Nivel -3 a través da escaleira E1 de 2 m de ancho, e tamén a través do ascensor, directamente coa Cafetería do Centro a través das escaleiras E2 de 2 m de ancho e co Nivel -1 do Edificio da ETSE a través dunha porta de dobre folia. Neste nivel atópase a Aula 2 cunha capacidade para 122 persoas, e a Aula 4 cunha capacidade para 108 persoas, a cal dá acceso o Espazo Comunitario do Edificio de Docencia, e a unha porta de emerxencia que dá a rúa.
Nivel -3	Comunica co Nivel -2 e co Nivel -4 da ETSE a través do ascensor. Neste Nivel atópase a Aula 1 cunha capacidade para 125 persoas, o Salón de Actos cunhas 200 prazas, un pequeno Almacén, os Aseos tanto masculinos como femininos, e o Aseo para Discapacitados que tamén se emprega como Almacén.
Nivel -4	Almacéns S4.1, S4.2, e S4.3, Molle de Carga, Sala do Grupo Electróxeno, Grupo Contra Incendios, e a Sala de Caldeiras. Os 3 últimos contan cun acceso dende o exterior. Tamén hai unha zona cuberta sen acondicionar, onde o Área de Xardinería garda os seus vehículos.

Edificio da ETSE:

O Edificio comunícase internamente a través das escaleiras e do ascensor dende o Nivel 3 ata o Nivel -2.

O Edificio está destinado principalmente a Laboratorios cos seus respectivos Despachos, e a Plantas Piloto destinadas a prácticas e a investigación.

Na táboa seguinte inclúense as diferentes dependencias que se atopan no Edificio:

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Escola Técnica Superior de Enxeñaría	
Edificio da ETSE	
Nivel	Descrición
Nivel 3	<p>Comunica co Nivel 2 a través das escaleiras interiores E12 e E13 de 1,10 m de ancho cada unha delas, co exterior a través das escaleiras de emerxencia EE-10, e tamén a través do ascensor.</p> <p>Neste Nivel atópanse os Despachos D 3.1. ao D 3.12, os Aseos, a Sala de Xuntas X 3.1., e X 3.2., a Secretaría da Escola, Dirección, Subdirección e a Sala das Instalacións de Extracción de Aire.</p>
Nivel 2	<p>Comunica co Nivel 1 a través das escaleiras interiores E11 e E10 de 1,20 m de ancho cada unha delas, coa escaleira E5 de 2 m de ancho, e tamén a través de ascensor. No exterior comunica a través da escaleira de emerxencia EE-10.</p> <p>Neste Nivel atópanse os Despachos D 2.1. ao D 2.7., Laboratorios L 2.1. ao L 2.9., os Aseos e a Sala de Xuntas X 2.1</p>
Nivel 1	<p>Comunica co Nivel 0 a través das escaleiras interiores E 9 e E 8 de 1,20 m de ancho cada unha, tamén a través do ascensor, e co exterior a través da escaleira de emerxencia EE-5.</p> <p>Neste Nivel atópanse os Despachos D 1.1. ao D 1.7., Laboratorios L 1.1. ao L 1.9., os Aseos e a Sala de Xuntas X 1.1</p>
Nivel 0	<p>Comunica co Nivel -1 a través da escaleira interior E9, de 1,20 m de ancho, a tamén a través do ascensor. Co exterior, a través da escaleira de emerxencia EE-5, e co Nivel 0 do Edificio de Docencia a través de porta de emerxencia.</p> <p>Neste Nivel atópanse os Laboratorios L B.1. ao L B.5. cos seus correspondentes Despachos; Aseos e Aulas de Informática I3 e I4, Espazo Auxiliar de Traballo nas Aulas de Informática, e Espazo Auxiliar de Servizo nas Aulas de Informática.</p>
Nivel -1	<p>A este Nivel accedese mediante ascensor e mediante escaleira dende o Nivel 0. Os accesos comunican co Espazo de Traballo comunitario do Edificio ETSE que, a súa vez, da acceso a Galería de Instalacións, Laboratorio, Anexo, Aseos, Aula de Proxectos, Aula de Traballo 3, Planta Piloto 1 e Espazo de Traballo Comunitario do Edificio de Docencia.</p> <p>A Galería de Instalacións, con acceso independente dende o exterior, está conformada polos almacéns A1 a A5, Sala de Caldeiras, Sala de Comprensión e Vacío, Sala do Grupo Electróxeno e Cadros Eléctricos.</p> <p>Os Aseos constan de Aseo Masculino e Feminino, converténdose o Aseo de Minusválidos nun espazo transitorio de descanso do Servizo de Limpeza.</p> <p>A Planta Piloto -1 accedese a través de 2 portas. Consta dunha Sala Principal e da acceso ao Laboratorio Anexo, aos Despachos DS.1. a DS.4. E O Nivel -2 a través das escaleiras interiores E7 e E6 de 1,40 , de ancho cada unha delas.</p> <p>No exterior en sala contigua ao Edificio atópase o Cuarto de Gases Comburentes, Cuarto de Gases Inflamables e a Sala de Transformadores.</p>
Nivel -2	<p>Este nivel comunícase co Nivel -1 a través de escaleira interior, a cal da acceso ao vestíbulo da Planta S-2, e a través do ascensor. Dende o vestíbulo accedese ao Ascensor, Trasteiro, e Alxibe Contraincendios.</p> <p>Dende o Alxibe accédese ao Laboratorio S-2, ao Vestíbulo do Taller Mecánico, e ao Vestíbulo que separa a Planta Piloto -2, do Laboratorio S-2. O laboratorio S-2 está compartimentado e consta dunha Sala Principal, o Cubículo de Tratamentos terciarios, o Cubículo de Fermentadores o e o Cubículo de Tratamento de Gases Contaminados. Dende este Laboratorio accédese a Cámara Fría e a Cámara Quente / Sala de Bombas.</p>

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

2.3 Características Construtivas, Instalacións, e Condicións Xerais do Deseño Arquitectónico.

Características Construtivas:

A estrutura do edificio é de formigón armado con cerramento exterior a base de dobre fábrica de ladrillo con cámara de aire e terrazas perimetrais que voan sobre a liña de fachada (Niveis 1 e 2) ou sobre a mesma liña (Nivel 3), que están consideradas como vías alternativas de evacuación.

Os tabiques son ladrillo oco dobre enfoscado ambas as caras e pintado con pintura plástica.

O pavimento está realizado con pezas de *terrazo cor gris de 40 x 40. Os teitos dispoñen falso teito modular 60 x 60 cm de fibras minerais, perfilaría semioculta, excepto en Niveis -1 e -2 da ETSE.

A carpintería exterior é de aluminio, sendo a interior, de madeira ou metálica, con portas *RF-60 para acceso a laboratorios e locais de risco.

Instalación Eléctrica:

No Nivel -1 do Edificio ETSE, están instalados dous transformadores de 630 kVA cada un. No local contiguo o leste, atópase o grupo electrógeno de 56/70 kVA e o cadro eléctrico xeneral do Edificio ETSE, do que parten as liñas eléctricas de alimentación aos cadros xerais de iluminación e forza de cada planta, desde os que se alimenta aos subcadros instalados en laboratorios e outros locais.

O cadro xeral eléctrico do Edificio Docente atópase instalado no Nivel -4, próximo á Planta Piloto. Este edificio tamén conta no leste o mesmo nivel, cun grupo electrógeno de 70/77 kVA.

A iluminación xeral en ambos edificios é fluorescente. Respecto a de emerxencia, constitúese a base de aparellos autónomos instalados en escaleiras e portas de saída (de uso habitual e de emerxencia); en aulas, laboratorios, biblioteca, cafetería, corredores e aseos xerais de cada planta; e tamén dentro de locais de instalacións xerais, de protección e de risco especial (transformador, grupo electrógeno, cadros xerais eléctricos do edificio, zonas de cadros eléctricos de iluminación e forza de cada planta, sala de bombas contra incendios, salas de caldeiras, etc.).

Na sala de bombas situada no Nivel -4 do edificio Docente, hai instaladas 2 bombas eléctricas de 15 kw e 2900 rpm, e un jockey de 2 kw e 2850 rpm.

Cada edificio ten a súa propia sala de caldeiras con muros provistos de reixas de ventilación, as que se accede dende o exterior por portas metálicas con reixas de arriba a abaixo. Á sala do edificio ETSE, tamén se pode acceder desde o corredor de instalacións, atravesando un vestíbulo previo con portas RF-60.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Dentro do local situado fronte ao ascensor (Nivel 3, Edificio ETSE) sitúanse os motores da instalación de extracción de cabinas e ambiente nos laboratorios da zona Oeste. Enriba dos aseos, sitúanse os motores para a extracción dos laboratorios da zona Leste.

A centralización de botellas de gases para o seu uso en laboratorios, atópase instalada dentro de dous locais, aos que unicamente se pode entrar desde o exterior do Edificio ETSE.

Nun local centralízanse as botellas de gases inflamables (2 de acetileno e 2 de hidróxeno) e, no outro, o resto de gases (4 de nitróxeno, 2 de helio, 2 de dióxido de carbono, 2 de aire sintético e 2 de osíxeno).

Instalacións de Protección Contra Incendios:

En canto a Instalacións de Protección Contra Incendios, o edificio está dotado das seguintes:

- Extintores Portátiles de Incendios:
 - De Po ABC, de 6 kg, na maior parte do edificio.
 - Automáticos de Po ABC de 9 kg, dentro do Sala de Caldeiras do Edificio ETSE.
 - De CO2 de 5 kg, en locais de Instalacións Xerais do Edificio Docente).
 - Carros de CO2 de 10 kg dentro dos Locais de Trafos e Cadro Xeral Eléctrico da ETSE.
- Bocas de Incendio Equipadas (BIEs):
 - De 45 mm e de 20 m de manguera flexible no Nivel -4 do Edificio Docente.
 - De 25 mm de 20 m de manguera semirrígida, no resto da Escola.
- Detección de incendios: Central de Detección Analóxica Gent 32020 instalada en CONSERXARÍA, detectores de fume, interruptores de alarma, sereas de alarma interiores, e sirena de alarma exterior.
- Detección de gases: Central de Alarma de Gas QUE-2 instalada no vestíbulo da Sala de Caldeiras da ETSE, e dous detectores dentro da mesma Sala.

Ascensores:

Tanto o Edificio Docente coma o Edificio da ETSE contan co seu correspondente ascensor:

- Edificio Docente:

Identificación del ascensor:	1 Ascensor Schindler
Tipo de ascensor:	De persoas
Carga (kg):	1.000 kg
Ocupación (nº persoas):	13 persoas
Situación:	A1

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

▪ Edificio ETSE:

Identificación del ascensor:	1 Ascensor Schindler
Tipo de ascensor:	De persoas
Carga (kg):	1.000 kg
Ocupación (nº persoas):	13 persoas
Situación:	A2

Pararraios

Dispone dun pararraios situado na cuberta da Facultade.

2.4 Clasificación e descrición dos usuarios

O colectivo máis numeroso de usuarios da ETSE está constituído polos alumnos, cunha matrícula próxima aos 1000 estudantes, a maioría ligados á USC mediante relación administrativa de matrícula, non pertencentes ao ámbito da Lei 31/1995 e incluídos no ámbito do aseguramento escolar. Ademais dos estudantes que se poden considerar estables, hai certa mobilidade ao longo de cada curso derivada dos programas de intercambio en Grao e Máster e da internacionalización da investigación no Programa de Doutoramento.

O complexo plan de organización docente, con actividades obrigatoriamente presenciais e outras non obrigatorias, visitas de campo e prácticas ou estancias noutros centros fai que a permanencia de alumnos na ETSE presente unha gran variabilidade. Este persoal caracterízase por un coñecemento limitado a parte das dependencias do Centro.

A actividade docente está impartida por un colectivo numeroso de docentes, tanto do propio Centro como doutros Centros da Universidade de Santiago, e mesmo doutras Universidades e empresas no caso de formación específica en investigación ou cursos de especialización. Tamén a mobilidade é unha característica aplicable ao colectivo docente posto que mesmo aqueles docentes con despacho asignado na ETSE desprázanse para impartir docencia noutros Centros e participan en numerosas actividades na USC, noutras Universidades e no estranxeiro. Os docentes con despacho no Centro teñen, en xeral, un bo coñecemento do Centro, pero o resto posúe un coñecemento moi limitado.

Respecto a actividade investigadora, levase a cabo nos 20 espazos de investigación (Laboratorios Experimentais e de Informática), en máis de 50 liñas de investigación. O colectivo de investigadores, unha media de 50 nos últimos anos, está conformado por 2 grupos de traballadores diferenciados: aqueles que están no ámbito da Lei 31/1995 e os que están ligados á USC por outras modalidades de relación (matrícula en Doutoramento, estancias de investigadores estranxeiros, convenios internacionais, contratos e colaboracións con empresas e colaboracións con outros Centros de investigación). Debido ás características singulares da actividade investigadora e a internacionalización crecente da mesma, a mobilidade deste colectivo é total e é difícil asignar unha permanencia fixa no Centro. O coñecemento do Centro deste persoal está limitado ás dependencias que utilizan habitualmente.

Outro grupo de persoas, máis heteroxéneo, e variable no tempo, pode participar en actividades formativas (alumnos e docentes de Secundaria, persoal de empresas e membros de diferentes asociacións). Este persoal polo tanto, ten un coñecemento moi limitado do Centro.

A ETSE, ademais da actividade docente e investigadora habitual, acolle outras actividades académicas, de extensión académica e actividades externas á Institución.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Ademais dos participantes nas actividades mencionadas, recibe un número importante de visitas. Por outra banda, entre as infraestruturas do Centro atópase unha Biblioteca de acceso público.

O funcionamento do Centro require dun Departamento de Administración e Servizos bastante estable, cunha permanencia no Centro definida, pero cuxo horario non é totalmente coincidente co do resto da actividade. O persoal de Administración e Asuntos Económicos traballa nunha única quenda de 08:00 a 15:00, o persoal de CONSERXARÍA e de Biblioteca en dúas quendas, de 08:00 a 15:00 e de 15:00 a 22:00, con dúas persoas en quenda de mañá e unha en quenda de tarde, e o Técnico de Laboratorio traballa en xornada dividida.

O coñecemento do Centro do parte do persoal de CONSERXARÍA e Técnico de Laboratorio é exhaustivo pero o do resto de persoal está limitado ás dependencias que utilizan habitualmente.

Para o mantemento das infraestruturas docentes e de investigación ten que acceder ao Centro persoal concorrente procedente de empresas de subministración, empresas de instalación e mantemento, servizo de xestión de residuos perigosos, área TIC, servizos de mensaxería e servizos de catering. O coñecemento do Centro deste persoal está limitado as dependencias ás que acceden.

Outro persoal a ter en conta tamén, e o constituído por traballadores pertencentes ao Servizo de Limpeza e a Empresa de Vixilancia e Seguridade.


2.5 Descrición do ámbito no que figura a Escola Técnica Superior de Enxeñaría

O edificio da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, está situado ao Sur do Campus Vida da Universidade de Santiago de Compostela, e accédese a través da vía de circulación Rúa Lope Gómez de Marzoa.

Os lindes do Edificio son os seguintes:

- Ao Norte da ETSE: Rúa Lope Gómez de Marzoa.
- Ao Sur da ETSE: Con terreo da ETSE e zona sen edificios.
- Ao Leste da ETSE: Con terreo da ETSE e próximo o Edificio de FEUGA e Instituto de Cerámica.
- Ao Oeste da ETSE: Con terreo da ETSE e sen edificios.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela



2.6 **Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a Axuda Externa**

2.6.1. *Vías de acceso*

O acceso ás instalacións realízase pola seguinte vía:

Rúa / Vía	Tipo	Senso de circulación
Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n	<input checked="" type="checkbox"/> Peonil <input checked="" type="checkbox"/> Rodado <input type="checkbox"/> Radio de xiro	<input type="checkbox"/> Único <input checked="" type="checkbox"/> Dobre

2.6.2. *Condicións do ámbito do edificio*

O edificio dispón de espazo de manobra para os Bombeiros que cumpre as condicións indicadas na normativa actual vixente - Código Técnico da Edificación na fachada principal:

- Anchura mínima libre 5 m.
- Altura libre a do edificio.
- Separación máxima do vehículo de bombeiros á fachada do edificio de 10 m.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

- Distancia máxima ata os accesos ao edificio necesarios para poder chegar ata todas as súas zonas 30 m.
- Pendente máxima 10%.

Este espazo de manobra debe manterse libre de mobiliario urbano, arboredo, xardíns, marcos ou outros obstáculos. De igual forma, si se prevé algún acceso a fachada con escaleiras ou plataformas hidráulicas, evítanse elementos tales como cables eléctricos aéreos ou ramas de árbores que poidan interferir coas escaleiras, etc.

2.6.3 Condicións de accesibilidade por fachada

A fachada principal deberá dispor de ocros que poidan permitir o acceso dende o exterior ao persoal do servizo de extinción de incendios. Os devanditos ocros deben cumprir as condicións seguintes:

- Para facilitar o acceso a cada unha das plantas do edificio, a altura do peitoril (parte inferior do marco das ventás) respecto do nivel da planta á que accede non será maior que 1,20 m.
- As súas dimensións horizontal e vertical serán, polo menos, 0,80 m e 1,20 m respectivamente. A distancia máxima entre os eixes verticais de dous ocros consecutivos non excederá de 25 m, medida sobre a fachada.

2.6.4 Condicións de accesibilidade por fachada para persoas

Co fin de facilitar o acceso e a utilización non discriminatoria, independente e segura por este inmovible ás persoas con discapacidade, cómprese as condicións funcionais e de dotación de elementos accesibles que se establecen no CTE DB-SUA (Sección SUA-9 Accesibilidade).

	Acceso	Anchura	Descrición
EDIFICIO DOCENTE	NIVEL 0: ENTRADA PRINCIPAL	1,70 m	Dúas portas de dobre folla con barra antipánico que dan directamente a Rúa Lope Gómez de Marzoa.
EDIFICIO ETSE	NIVEL 0: ENTRADA PRINCIPAL	1,70 m	Dúas portas de dobre folla con barra antipánico que dan directamente a Rúa Lope Gómez de Marzoa.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

2.6.5 Medios exteriores de Protección

No exterior do edificio dispónse dunha rede de hidrantes independente a rede xeral exterior, exclusiva para este fin. Están situadas preto da Fachada do Edificio.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Capítulo 3.

Inventario, análise e avaliación de riscos

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

3.1 Elementos, instalacións, procesos de produción, etc. que poden dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de xeito desfavorable no seu desenvolvemento

Respecto aos locais que poden considerarse con Riscos Especiais (NBE CPI 96 – Clasificación de Locais e Zonas de Risco Especial Integrados en Edificios) identifícanse os seguintes:

Andar	Local	Risco
EDIFICIO ETSE: NIVEL 2	Zonas de Investigación dos Laboratorios	MEDIO
EDIFICIO ETSE: NIVEL 1	Zonas de Investigación dos Laboratorios	MEDIO
EDIFICIO ETSE: NIVEL 0	Laboratorio de Prácticas	MEDIO
EDIFICIO DOCENTE: NIVEL 1	Biblioteca	ALTO
EDIFICIO ETSE: NIVEL -1	Laboratorio Planta Piloto -1	MEDIO
EDIFICIO ETSE: NIVEL -1	Grupo Electrónico	BAIXO
EDIFICIO ETSE: NIVEL -1	Centro Transformación + anexos	BAIXO
EDIFICIO ETSE: NIVEL -1	Sala de Caldeiras	MEDIO
EDIFICIO ETSE: NIVEL -1	Almacén 5	MEDIO
EDIFICIO ETSE: NIVEL -1	Almacén 3	BAIXO
EDIFICIO ENXEÑAR: NIVEL -1	Almacén Inflamables en anexos	MEDIO
EDIFICIO ENXEÑAR: NIVEL -2	Cadros Eléctricos	BAIXO
EDIFICIO ENXEÑAR: NIVEL -2	Laboratorio Planta Piloto -2	MEDIO
EDIFICIO ENXEÑAR: NIVEL -2	Almacén S2	BAIXO
EDIFICIO DOCENTE: NIVEL -4	Almacén Xardinería	ALTO
EDIFICIO DOCENTE: NIVEL -4	Grupo Electrónico	BAIXO
EDIFICIO DOCENTE: NIVEL -4	Sala de Caldeiras**	BAIXO
EDIFICIO DOCENTE: NIVEL -4	Almacén S42	ALTO

**Clasifícase a sala de caldeiras situada no edificio Docente co nivel máis baixo xa que non se dispón dos datos de potencia, pero deberá terse en conta que o seu nivel real de risco podería ser calquera dos que se indica a continuación: -Risco baixo: 70<Potencia útil nominal<=200 kW. -Risco medio: 200<Potencia útil nominal<=600kW. -Risco alto: Potencia útil nominal > 600kW

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

3.2 **Identificación, análise e avaliación dos riscos propios da actividade e dos riscos externos que puidesen afectala**

3.2.1 **Identificación dos riscos**

Os riscos que poden desembocar nunha emerxencia nas instalacións poden ser, en principio, os seguintes.

- a. Accidente de traballo ou enfermidade con consecuencias graves.
- b. Intrusión e outros actos delituosos.
- c. Ameaza de bomba ou de sabotaxe.
- d. Explosión.
- e. Incendio.
- f. Derrame / Fuga.
- g. Axentes da natureza.

3.2.2 **Avaliación dos riscos**

1. *Valoración do risco de accidente ou enfermidade con consecuencias graves*

Os riscos relacionados cos accidentes de traballo están avaliados detalladamente no informe de Avaliación de Riscos do Centro, o cal se consultou para realizar a presente avaliación global.

Polo tanto, considerando que a probabilidade de accidente pode cualificarse como "Posible", segundo a escala de probabilidades da matriz de valoración de riscos, e considerando as consecuencias como "Leves".

Probabilidade de materialización do risco				
<i>Grao de severidade (Posibles Consecuencias)</i>	<i>Improbable (Extremadamente raro, non aconteceu ata agora)</i>	<i>Posible (É raro pero aconteceu nalgunha parte)</i>	<i>Probable (Non sería nada estraño, aconteceu nalgunhas ocasións)</i>	<i>Inevitable (é o resultado máis probable se se presenta a exposición, acontecerá a longo prazo)</i>
<i>Danos moi leves (Trastornos, molestias, fatiga, disconfort, insatisfacción)</i>	IRRELEVANTE	MOI BAIXO	BAIXO	MEDIO

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

<i>Lesión leve (Contusións, erosións, cortes superficiais, irritacións)</i>	MOI BAIXO	BAIXO	MEDIO	ALTO
<i>Lesión grave (Laceracións, queimaduras, conmociones, fracturas menores, xordeira, dermatite, asma)</i>	BAIXO	MEDIO	ALTO	MOI ALTO
<i>Lesión moi grave ou mortal (amputacións, intoxicacións, cancro)</i>	MEDIO	ALTO	MOI ALTO	EXTREMADA MENTE ALTO

Obtense que o nivel global do risco de accidente con consecuencias leves será.
BAIXO.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

2. Valoración do risco de intrusión e doutros actos delituosos

Condições do centro de traballo.

Condición	Si	Non
Bens valiosos ou estratéxicos	X	
Valado e control de accesos	X	
Vixilancia nocturna	X	
Zona conflictiva		X
Casos anteriores		X

En función destes datos, o risco de intrusión ou doutros actos delituosos considérase:
BAIXO

3. Valoración do risco de ameaza de bomba ou de sabotaxe

Condições do centro de traballo

Condición	Si	Non
Bens estratéxicos	X	
Produtos perigosos		X
Conflitividade interna		X
Conflitividade externa		X
Valado e control de accesos	X	
Vixilancia nocturna	X	
Casos anteriores		X

En función destes datos, o risco de ameaza de bomba ou sabotaxe considérase:
BAIXO

4. Valoración do risco de explosión

Condições do centro de traballo.

Condición	Si	Non
¿Existen ATEX?	X	
¿Manéxanse explosivos?		X
¿Hai risco de explosión por sobrepresións?	X	
¿Por outro tipo de instalación?		X
Casos anteriores		X

En función destes datos, o risco de explosión considérase: **MEDIO.**

5. Valoración do risco de incendio

En materia de protección fronte o risco de incendio, a Escola consta dos seguintes medios de protección contra incendios:

❖ Protección Pasiva: Compartimentación en Sectores de Incendios.

Der acordo o establecido na Normativa de Aplicación ao Edificio – NBE – CPI 96, os establecementos de “Uso Docente” estarán compartimentados de forma tal que, os SECTORES DE INCENDIOS nos que se dividen, teñan unha superficie construída < 4.000 m².

Neste senso, a compartimentación Escola Técnica Superior de Enxeñaría realízase do seguinte xeito:

- No Edificio Docente considéranse 2 sectores de incendios:
 - Locais técnicos, almacéns, zona de carga /descarga (Andar 4).
 - Resto do Edificio.
- No Edificio da ETSE considéranse 7 sectores de incendios:
 - Locais Técnicos e de Almacenamento (Andar -1).
 - Planta Piloto (Andar -1 e -2). Compre mencionar que non está totalmente compartimentado respecto ao oco interior do Edificio ETSE, nin ao Edificio Docente.
 - 4 sectores que engloban as 4 zonas de Laboratorios de Investigación (Zona dereita e zona esquerda dos Andar 1 e 2).
 - Resto do Edificio (salvo laboratorios de investigación).

Deberanse sectorizar tamén, con respecto o seu entorno, os laboratorios de prácticas instalados no Andar 0.

❖ Protección Activa: Instalacións contra incendios:

- Extintores Portátiles de Incendios:
 - De Po ABC, de 6 kg, na maior parte do edificio.
 - Automáticos de Po ABC de 9 kg, dentro do Sala de Caldeiras do Edificio ETSE.
 - De CO2 de 5 kg, en locais de Instalacións Xerais do Edificio Docente).
 - Carros de CO2 de 10 kg dentro dos Locais de Trafos e Cadro Xeral Eléctrico da ETSE.
- Bocas de Incendio Equipadas (BIEs):
 - De 45 mm e de 20 m de manguera flexible no Nivel -4 do Edificio Docente.
 - De 25 mm de 20 m de manguera semirrígida, no resto da Escola.
- Detección de incendios: Central de Detección Analóxica Gent 32020 instalada en CONSERXARÍA, detectores de fume, interruptores de alarma, sireas de alarma interiores, e sirena de alarma exterior.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

- Detección de gases: Central de Alarma de Gas QUE-2 instalada no vestíbulo da Sala de Caldeiras da ETSE, e dous detectores dentro da mesma Sala.

6. Valoración do risco dunha situación de emerxencia causada por Axentes da Natureza

- ❖ Terremotos:
A situación xeográfica da Escola fai difícil que se de unha situación de emerxencia producida por un terremoto.
- ❖ Nevadas:
Pola situación da Escola, considérase un risco baixo a situación de emerxencia producida polos efectos da neve.
- ❖ Inundacións:
A posibilidade de inundacións das instalacións produciríase por choiva, xa que non existe ningún río próximo as instalacións que poida provocar risco por desbordamento.
- ❖ Ventos:
No caso de temporais fortes de vento, poderíase ver danada a instalación.

En función destes datos, o risco dunha situación de emerxencia causada por axentes da natureza considérase: **BAIXO**.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

3.3 Identificación, cuantificación e tipoloxía das persoas tanto afectas á actividade como alleas a esta que teñan acceso aos edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade

Segundo o mencionado en apartados anteriores do presente Plan de Autoprotección, debido a actividade desenvolta na Escola, resulta moi complexo establecer uns niveis de ocupacións reais para as diferentes franxas horarias.

O acceso as diferentes dependencias, realizase segundo o seguinte esquema:

PERSONAL	FRANXA HORARIA	ACCESOS
Alumnos	Horario habitual de apertura do Centro de 08:00 a 21:30	Acceso libre a todas as dependencias do Centro.
	Fora do horario habitual de apertura do Centro	Non acceden
Docentes con despacho na ETSE	Horario habitual de apertura do Centro de 08:00 a 21:30	Acceso libre a todas as dependencias do Centro.
	Fora do horario habitual de apertura do Centro	Poden acceder o seu despacho e os espazos de investigación que xestionan
Docentes externos a ETSE	Horario habitual de apertura do Centro de 08:00 a 21:30	Acceso libre a todas as dependencias do Centro.
	Fora do horario habitual de apertura do Centro	Acceden co permiso da Dirección as dependencias solicitadas. O Servizo de Vixilancia e o encargado de abrir as dependencias.
Investigadores e Técnicos de Laboratorio	Horario habitual de apertura do Centro de 08:00 a 21:30	Acceso libre a todas as dependencias do Centro.
	Fora do horario habitual de apertura do Centro	Acceden con permiso da Dirección as dependencias solicitadas.
Personal externo en Actividades Formativas	Horario habitual de apertura do Centro de 08:00 a 21:30	Acceden con permiso da Dirección as dependencias solicitadas pero o acceso o resto de dependencias está libre.
	Fora do horario habitual de apertura do Centro	Acceden con permiso da Dirección as dependencias solicitadas.
Personal en Actividades de Extensión Académica e Actividades Externas a Institución	Horario habitual de apertura do Centro de 08:00 a 21:30	Acceden con permiso da Dirección as dependencias solicitadas pero o acceso o resto de dependencias está libre.
	Fora do horario habitual de apertura do Centro	Acceden con permiso da Dirección as dependencias solicitadas.
Personal de Administración e Biblioteca	Horario habitual de apertura do Centro de 08:00 a 21:30	Acceso libre a todas as dependencias do Centro.
	Fora do horario habitual de apertura do Centro	Non acceden
Personal de Servizos (Conserxaría, Técnico de Laboratorio de Docencia)	Horario habitual de apertura do Centro de 08:00 a 21:30	Acceso libre a todas as dependencias do Centro.
	Fora do horario habitual de apertura do Centro	Non acceden

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

	PERSOAL	FRANXA HORARIA	ACCESOS
Persoal de Empresas de Servizos	Persoal controlado polo área de Infraestruturas e área TIC	Horario habitual de apertura do Centro de 08:00 a 21:30	Acceso libre a todas as dependencias do Centro.
		Fora do horario habitual de apertura do Centro	Facilita o acceso o área responsable
	Outro persoal	Horario habitual de apertura do Centro de 08:00 a 21:30	Acceso libre a todas as dependencias do Centro.
		Fora do horario habitual de apertura do Centro	Non accede
Servizo de Limpeza		Horario habitual de apertura do Centro de 08:00 a 21:30	Acceso libre a todas as dependencias do Centro.
Servicio de Vixilancia		Fora do horario habitual de apertura do Centro	Acceso libre a todas as dependencias do Centro.

Observacións: As "Zonas de Acceso Restringido" están sinalizadas pero as portas permanecen abertas, coa excepción dos almacéns.

Nas táboas incluídas a continuación, indícanse as Densidades de Ocupacións máximas por planta e dependencia, segundo os valores contemplados na normativa de aplicación: NBE CPI 96, que en ningún caso deberán ser superadas:

❖ **Edificio Docente:**

NIVEL -4		Superficie	Densidade	Ocupación
Z1-2 e L7	Peirao de Carga / Descarga / Corredor /Almacén	341,8	Uso ocasional	0
NIVEL -3		Superficie	Densidade	Ocupación
L1	Aula-1	140	Real (máximo)	135
L2	Salón de Actos	224,2	1p / asento	182
Vestíbulo de Salón de Actos e Corredor de Aula-1		103,2	1 p / 10 m ²	11
				328
NIVEL -2		Superficie	Densidade	Ocupación
L5	Sala de Traballo	113,4	1p / asento	40
L6-7-8	Aulas 2-3-4 (124 + 112 +107)	342	Real (máximo)	344
Corredor de Aulas 2-3-4		125,1	1 p / 10 m ²	13
				397
NIVEL -1		Superficie	Densidade	Ocupación
L1-6-7	Conserxaría / Aula de Traballo	79,2	1 p / 10 m ²	8
L2-3-4-5	Aulas 5-6-7-8	230,0	Real (máximo)	192
Vestíbulo de Conserxaría e Corredor de Aulas 5-6-7-8		109,3	1 p / 10 m ²	11
				211
NIVEL 0		Superficie	Densidade	Ocupación
L10-13	Aulas Informática I-1 e I-2	169,0	Real (máximo)	69
L11	Administrador de Sistemas	18,8	1 p / 10 m ²	2
L14	Delegación de Alumnos	47,4	1 p / 10 m ²	5
Corredor Aulas I-1 e I-2 e acceso a Vestíbulo Principal (i/este)		237,3	1 p / 10 m ²	24
				100
NIVEL 1		Superficie	Densidade	Ocupación
L1	Biblioteca	341,6	1 p / 2 m ²	171
L2 a 4	Despachos B1.1 a B1.3	46,8	1 p / 10 m ²	5
L1	Arquivo-Consulta Biblioteca (Entrepl.)	223,4	1 p /40 e 1/2 m ²	40
				216

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

❖ **Edificio ETSE:**

NIVEL -2 (ETSE)		Superficie	Densidade	Ocupación
L15	Taller Mecánico	127,6	Real (máximo)	1
L17	Laboratorio LB.S.2	171,4	Sen uso actual	0
L20	Planta Piloto e Corredores de acceso	508,8	Real (máximo)	25
Vestíbulos e Corredores		136,4	1 p / 10 m ²	14
				40
NIVEL -1 (ETSE)		Superficie	Densidade	Ocupación
L13 a 18	Almacenes 1-2-3-4-5	194,2	Uso ocasional	0
L28	Planta Piloto e Corredores de acceso	433,5	Real (máximo)	25
L29	Aula de Proxectos	100	Real (máximo)	50
L30 a 33	Despachos DS.1/DS.2/DS.3/DS.4	77,5	1 p / 10 m ²	8
L34	Laboratorio Anexo	98,9	Real (máximo)	10
Vestíbulo e Corredores		236,4	1 p / 10 m ²	24
				117
NIVEL 0 (ETSE)		Superficie	Densidade	Ocupación
L16-19-20-23-24	Laboratorios LB.1 a LB.5 (i/despachos)	661,6	Real (máximo)	115
L26 a 28	Aulas Informática I-3/I-4 e Antesala	139,2	Real (máximo)	59
Vestíbulos (Ppal.) e Corredores		235,4	1 p / 10 m ²	24
				198
NIVEL 1 (ETSE)		Superficie	Densidade	Ocupación
L6 a 9	Laboratorios L1.6 a L1.9	230,2	Real (máximo)	20
L6 a 9	Laboratorios L1.6 a L1.9	230,2	Real (máximo)	20
L10 a 17	Despachos D1.1 a D1.7 e Lab L1.5	179,2	1 p / 10 m ²	18
L18	Sala de Xuntas X1.1	55,6	1p / asiento	10
L19 a 22	Laboratorios L1.1 a L1.4	230,2	Real (máximo)	20
Vestíbulo e Corredores		309,4	1 p / 10 m ²	31
				119
NIVEL 2 (ETSE)		Superficie	Densidade	Ocupación
L3 a 6	Laboratorios L2.6 a L2.9	230,6	Real (máximo)	20
L7 a 15	Despachos D2.1 a D2.7 e Lab L2.5	179,2	1 p / 10 m ²	18
L17	Sala de Xuntas X2.1	44,5	1p / asiento	12
L18 a 21	Laboratorios L2.1 a L2.4	230,6	Real (máximo)	20
Vestíbulo e Corredores		271,6	1 p / 10 m ²	28
				98
NIVEL 3 (ETSE)		Superficie	Densidade	Ocupación
L2 a 7	Despachos D3.7 a D3.12	99,8	1 p / 10 m ²	10
L8	Sala de Xuntas X3.2	49,6	1p / asiento	20
L9 a 11	Despachos-Administración ETSE	80,5	1 p / 10 m ²	9
L12	Sala de Xuntas X3.1	49,6	1p / asiento	20
L13 a 18	Despachos D3.1 a D3.6	99,8	1 p / 10 m ²	10
Vestíbulo e Corredores		194,5	1 p / 10 m ²	20
				89

Respecto a tipoloxía e valores de ocupación dos usuarios das instalacións da escola, de modo xeral, podemos establecer a seguinte clasificación:

PERSONAL	NUMERO	COÑECEMENTO DO CENTRO
Alumnos	Aprox. 1000	Escaso
Docentes con despacho na ETSE	29	Bueno
Docentes externos a ETSE	Aprox. 132	Escaso
Investigadores e Técnicos de Laboratorio	Aprox. 50	Limitado os espazos que utilizan

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

PERSOAL		NUMERO	COÑECEMENTO DO CENTRO
Persoal de Administración e Biblioteca		10	Limitado os espazos que utilizan
Persoal de Servizos (CONSERXARÍA, Técnico de Laboratorio)		4	Excelente
Persoal Externo en Actividades Formativas		Indeterminado, depende da actividade.	Ningún
Persoal en Actividades de Extensión Académica e Actividades Externas a Institución		Indeterminado, depende da actividade.	Escaso ou ningún.
Persoal de Empresas de Servizos	Persoal controlado pola área de Infraestruturas e Área TIC	Indeterminado, depende da actividade.	Limitado os espazos que utilizan
	Outro persoal.	Indeterminado, depende da actividade.	Limitado os espazos que utilizan
Servizo de Limpeza		5	Moi bo
Servizo de Vixilancia		2	Moi bo.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Capítulo 4

Medidas e Medios de Autoprotección

4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón a entidade para controlar os riscos detectados, afrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos servizos externos de emerxencias

Neste apartado recóllense os medios existentes nas instalacións da Escola Técnica Superior de Enxeñaría obxecto deste Plan, á data de redacción do presente Plan.

O seu detalle é o seguinte.

4.1.1 Medios Técnicos para a Detección e Extinción de Incendios

a. Extintores

Os extintores están situados nos lugares onde existe maior posibilidade de incendio, próximos ás saídas dos locais e en lugares accesibles ademais de visibles.

- De Po ABC, de 6 kg, na maior parte do edificio.
- Automáticos de Po ABC de 9 kg, dentro do Sala de Caldeiras do Edificio ETSE.
- De CO₂ de 5 kg, en locais de Instalacións Xerais do Edificio Docente).
- Carros de CO₂ de 10 kg dentro dos Locais de Trafos e Cadro Xeral Eléctrico da ETSE.

Os extintores están dispostos en número dabondo para que o percorrido real entre cada punto do local no que poida estar situada unha persoa e un extintor, non supere os 15 m.

Os extintores deben estar instalados de tal forma que poidan ser utilizados de xeito rápido e doado, e sempre que é posible, de tal forma que o extremo superior do extintor se atope a unha altura sobre o chan menor que 1,70 m. Deberá sinalizarse a súa situación.

A disposición dos extintores móbiles amósase nos planos adxuntos no Anexo III deste Plan de Autoprotección.

b. Bocas de Incendio Equipadas (BIE)

O edificio está dotado cunha instalación BIE's, distribuídas por toda a Escola:

- De 45 mm e de 20 m de manguera flexible no Nivel -4 do Edificio Docente.
- De 25 mm de 20 m de manguera semirríxida, no resto da Escola.

A disposición das BIEs amósase nos planos adxuntos no Anexo III deste Plan de Autoprotección.

c. Sistema de Detección e Alarma de Incendios

A Escola dispón de un Sistema de Detección e Alarma de Incendios composto por:

1. Interruptores de Alarma de Incendios:

A Escola dispón dunha instalación de interruptores de alarma de incendios repartidos por tódalas plantas dos 2 Edificios. A instalación dos interruptores de alarma de incendios está conectada coa central de incendios.

Os interruptores están instalados nas circulacións e locais con acceso habitual de persoal a 1,20 m do chan. O interruptor é un botón de cor vermella, e está contido en caixas de forma cadrada de 12 cm de lado da mesma cor. O interruptor en si está protexido por un cristal.

Ante unha alarma ou perigo real, débese romper o cristal e premer o interruptor. Inmediatamente actívase o circuito de alarma, indicando na central a localización do interruptor, a acenderse o LED e os indicadores correspondentes.

A disposición dos Interruptores de Alarma de Incendios amósase nos planos adxuntos no Anexo III deste Plan de Autoprotección.

2. Detectores de fume:

A Escola dispón dunha instalación de detectores de fume repartidos por tódalas plantas e dependencias dos 2 Edificios.

A disposición dos detectores de fume amósase nos planos adxuntos no Anexo III deste Plan de Autoprotección.

3. Central de Detección e Alarma de Incendios:

A Central do sistema de alarma contra incendios con que conta a Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela, esta situada no local de CONSERXARÍA. Trátase dunha Central de Detección Analóxica Gent 32020.

4. Central de Detección de Gas:

Central de Detección e Alarma de Gas Gent 32020, no vestíbulo da Sala de Caldeiras (edificio ETSE), e sensor de gas na Sala de Caldeiras.

5. Sirenas de Alarma:

A Escola dispón de Sirenas de emisión acústica en todas as plantas dos dous edificios, e forma xeral, o comezo e final dos corredores, así como sirena exterior.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

A Sirena dispón de 2 tonos acústicos: 1 descontinuo que indica o Nivel de Emerxencia Parcial, e outro continuo que indica o Nivel de Emerxencia Xeral.

A disposición das Sirenas de Alarma de Incendios amósase nos planos adxuntos no Anexo III deste Plan de Autoprotección.

d. Instalación de hidrantes

No exterior do edificio dispónse dunha rede de hidrantes independente a rede xeral exterior, exclusiva para este fin. Os referidos hidrantes son aptos para ser utilizados polo servizo público contra incendios.

Atópase un hidrante diante da fachada principal da Escola. Os seguintes en proximidade, atópanse nos edificios dos Institutos de Acuicultura, Investigación e Análise Alimentaria.

4.1.2. Instalación de Iluminación de Emerxencia.

A Escola dispón dunha Instalación de Iluminación de Emerxencia, nos dous Edifícios, en tódalas Plantas. Do mesmo xeito, dispónse dun Grupo Electrónico de 70/77 kVA en cada un dos Edifícios.

A Instalación componse de Bloques Autónomos de Iluminación de Emerxencia de tal xeito que entrarán automaticamente en funcionamento o producirse un fallo de alimentación na instalación de iluminación normal (caída de tensión de alimentación por debaixo do 70 % do valor nominal).

Os Bloques autónomos atópanse instalados en:

- Escaleras e portas de saída habitual e de emerxencia.
- Aulas, laboratorios, Biblioteca, cafetería e corredores.
- Aseos xerais de cada planta.
- Locais de instalacións xerais, de protección e de risco especial (transformador, grupo electrónico, armario xeral eléctrico do edificio, sala de bombas de incendios, sala de caldeiras, zonas de cadros eléctricos de alumado e forza de cada planta, etc.).

4.1.3 Sinalización

Existe sinalización dos medios de protección contra incendios (extintores, BIE´s e interruptores) e de evacuación (dirección recorridos de evacuación, saídas de uso habitual e saídas de emerxencia).

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

4.1.4 Elementos da evacuación. Saídas, saídas de emerxencia, portas.

❖ Saídas de Edificio:

NIVEL	SAIDA	DESCRIPCIÓN
Nivel 0	S-4	Dende vestíbulo principal: <ul style="list-style-type: none"> Porta de 2 follas e 1,70 m de ancho, equipada con barra antipánico. Porta de 2 follas e 1,70 m de ancho, e outra contigua de 0,80 m, equipadas con barra antipánico.
	S-4 a (Edificio docente)	<ul style="list-style-type: none"> Dúas portas de 2 follas e 1,60 m de ancho, equipadas con barra antipánico.
	S-4 b (Edificio ETSE)	<ul style="list-style-type: none"> Porta de 2 follas e 1,70 m de ancho, e outra contigua de 0,80 m, equipadas con barra antipánico.
Nivel -1	S-5 (Edificio ETSE)	A escaleira EE.1: <ul style="list-style-type: none"> Porta de 2 follas e 1,60 m de ancho, equipada con barra antipánico.
	S-3 a S-3 b (Cafetería)	<ul style="list-style-type: none"> Porta de dúas follas de 1,80 m equipada con barra antipánico. Porta de dúas follas de 1,20 de ancho.

❖ Saídas de Emerxencia:

EDIFICIO DOCENTE		
NIVEL	SAIDA	DESCRIPCIÓN
Nivel - 4	SE-36	Nivel -4 <ul style="list-style-type: none"> Porta de 1 folla de 0,90 con barra antipánico
Nivel -3	SE-1 SE-2 SE-3	Corredor Salón de Actos: <ul style="list-style-type: none"> Portas de 1 folla de 1,20 m de ancho, equipadas con barra antipánico.
	SE-4	<ul style="list-style-type: none"> Porta de 1 folla de 1,60 m de ancho, equipada con barra antipánico. Dúas portas de dúas folla de 1,80 m de ancho.
Nivel -2	SE-5 e SE-6	Aula 2: <ul style="list-style-type: none"> Portas de 2 follas de 1,40 m de ancho, equipadas con barra antipánico.
	SE-7	Aula 3: <ul style="list-style-type: none"> Portas de 2 follas de 1,40 m de ancho, equipadas con barra antipánico.
	SE-8	Aula 4: <ul style="list-style-type: none"> Porta de 1 folla de 0,90 m de ancho, equipada con barra antipánico.
	SE-9	Dende escaleira exterior EE 4: <ul style="list-style-type: none"> Porta de 1 folla de 0,90 m de ancho, equipada con barra antipánico.
	SE-10	Corredor Aulas 2, 3 e 4: <ul style="list-style-type: none"> Porta de 2 follas de 2,05 m de ancho, equipada con barra antipánico.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

EDIFICIO DOCENTE		
NIVEL	SAIDA	DESCRIPCIÓN
Nivel -1	SE-12	Vestíbulo CONSERXARÍA: ▪ Porta de 1 folla de 0,90 m de ancho, equipada con barra antipánico.
	SE-13; SE-14; SE-15; SE-16	Aulas 8, 7, 6 e 5: ▪ Porta de 1 folla de 0,90
	SE-17	Aula de traballo 1: ▪ Porta de 1 folla de 0,90
Nivel 0	SE-18	Aula Informática I-1 ▪ Porta de 2 follas de 1,20 m de ancho, equipada con barra antipánico.
	SE-19	Delegación de Alumnos: ▪ Porta de 2 follas de 1,20 m.
Nivel 1	SE - 27	Biblioteca: Porta de 1 folla de 0,90 m de ancho, equipadas con barra antipánico.

EDIFICIO ETSE		
NIVEL	SAIDA	DESCRIPCIÓN
Nivel -1	SE-11	Corredor Exterior da Planta Piloto: ▪ Porta de 2 follas de 1,70 m de ancho, equipadas con barra antipánico.
	SE-20 e SE-21	Laboratorios LB 5 e 4: Portas de 2 follas de 1,20 m de ancho.
Nivel 0	SE-22	▪ Porta de 2 follas de 1,70 m de ancho, equipada con barra antipánico.
	SE-23	Laboratorio LB-3: ▪ Porta de 1 folla de 1,00 m.
	SE-24	Laboratorio LB-2: ▪ Porta de 2 follas de 1,20 m.
	SE-25	Laboratorio LB-1: ▪ Porta de 1 folla de 1,00 m.
	SE-26	Aula de Informática: Porta de 2 follas de 1,20 m.
Nivel 1	SE-29	Laboratorio L1.9: ▪ Porta de 1 folla de 0,90 m de ancho, equipada con barra antipánico.
	SE-30	Laboratorio L1.6: ▪ Porta de 1 folla de 0,90 m de ancho.
	SE-31	Corredor despachos D1.1 a D1.7: ▪ Porta de 2 follas de 1,40 m de ancho, equipada con barra antipánico.
	SE-32 e SE-33	Laboratorios L1.4 e L1.1: Portas de 1 folla de 0,90 m de ancho, equipadas con barra antipánico.
Nivel 2	SE-34	Laboratorio L2.6: ▪ Porta de 1 folla de 0,90 m de ancho.
	SE-35	Corredor despachos D2.1 a D2.7: Porta de 2 follas de 1,40 m de ancho equipada con barra antipánico.
Nivel 3		No caso de producirse unha situación de emerxencia, os despachos e salas, así como o vestíbulo ao carón do ascensor, dispoñen de portas corredoras practicables para poder acceder facilmente a terraza perimetral exterior, e posteriormente descender pola escaleira EE-10.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

A disposición das Saídas, tanto de uso habitual como as de emerxencia, amósase nos planos adxuntos no Anexo III deste Plan de Autoprotección.

4.1.5 Compartimentación en Sectores de Incendio – Protección Pasiva Contra Incendios.

Segundo o mencionado en apartados anteriores do presente Plan de Autoprotección, a Escola Técnica Superior de Enxeñaría, a compartimentación realízase como segue:

- No Edificio Docente considéranse 2 sectores de incendios:
 - Locais técnicos, almacéns, zona de carga /descarga (Andar 4).
 - Resto do Edificio.

- No Edificio da ETSE considéranse 7 sectores de incendios:
 - Locais Técnicos e de Almacenamento (Andar -1).
 - Planta Piloto (Andar -1 e -2). Compre mencionar que non está totalmente compartimentado respecto ao oco interior do Edificio ETSE, nin ao Edificio Docente.
 - 4 sectores que engloban as 4 zonas de Laboratorios de Investigación (Zona dereita e zona esquerda dos Andar 1 e 2).
 - Resto do Edificio (salvo laboratorios de investigación).

4.1.6 Medios Humanos

Os medios humanos para a actuación no caso de emerxencia están recollidos con detalle no Capítulo 6, Plan de Actuación ante Emerxencias. Nel recóllense os protocolos de actuación para os diferentes tipos de emerxencias.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Capítulo 5 Programa de mantemento de instalacións

Programa de mantemento de instalación

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

O principal obxectivo deste capítulo, é programar o mantemento das instalacións propias da Escola e das instalacións de Autoprotección, para mellorar a súa eficacia e asegurar o seu funcionamento. O concepto de mantemento trata de evitar calquera suceso que poida producir un accidente.

5.1 Mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o seu control

O mantemento é considerado como un factor estratéxico para incrementar a seguridade, e incide de xeito directo na Autoprotección. Tenderase a que o mantemento se leve a cabo mediante técnicas e sistemas que posibiliten a súa estruturación, a súa planificación e actualización para conservar as instalacións e equipamentos en condicións axeitadas de uso e de seguridade, e que non presupoñan riscos susceptibles de provocar situacións de emerxencia. Ademais debe satisfacer a necesidade de controlar o importante volume de información que xera a actividade mantedora, os obxectivos básicos son:

- Proporcionar o coñecemento sobre as instalacións e sobre o seu estado.
- Posibilitar o establecemento de accións (programas preventivos, correctivos, grandes reparacións, cambios, etc.)
- Facilitar a mellora das instalacións e da súa xestión.

En relación coa seguridade e a Autoprotección o mantemento permite:

- Dispor dunhas instalacións, equipamentos e recursos en condicións operativas, de máxima eficacia, e de seguridade.
- Evitar defectos e fallos operativos e dispor de procesos tendentes a solucionarlos con criterios de eficacia.
- Arbitrar mecanismos para que, no caso de fallo ou defecto, se actúe de xeito inmediato para poñelas en posición segura.
- Dispor dunha información, organizada, planificada e actualizada para a xestión.

A Área de Xestión de Infraestruturas da Universidade de Santiago de Compostela deberá dispor dun rexistro das instalacións e equipos aos que debe aplicarse mantemento, diferenciando entre o obrigado e o recomendado. Partindo do devandito rexistro, prepararanse os plans de mantemento concretos, definindo: os recursos humanos e materiais, requisitos e esixencias (noite, fóra de actividade, cortes de subministración, etc.), calendario, custos, etc.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Esta información manterase actualizada e deberase remitir ao *Xefe de Emerxencias* para o seu coñecemento. O Responsable do mantemento prestara especial atención ás instalacións susceptibles de producir un incendio (eléctrica, climatización, gasóleo, etc.) e os locais de especialmente perigosos, coas operacións mínimas de mantemento a realizar conforme ao especificado na súa Regulamentación Específica, ben sexa Municipal, Autonómica ou Estatal.

5.2 Mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a súa operatividade

Atendendo ao disposto no Real Decreto 1.942/1.993, do 5 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, publicado no BOE nº 298 do martes 14 de decembro de 1.993 e posterior Orde do 16 de abril de 1.998 publicada no BOE nº 101 do martes 28 de abril, sobre normas de procedementos e desenvolvemento do Real Decreto anterior, os medios materiais de protección contra incendios someteranse ao programa mínimo de mantemento que se establece a continuación.

As operacións de mantemento para cada caso poderán ser efectuadas por un instalador, un mantedor autorizado, ou titular da instalación, segundo se indica nas táboas seguintes:.

En todos os casos, tanto o mantedor como o usuario ou titular da instalación, conservarán constancia documental do cumprimento do programa de mantemento preventivo, indicando como mínimo.

- As operacións efectuadas
- O resultado das verificacións e probas
- A substitución de elementos defectuosos que se realizaran.

Para os efectos do citado Regulamento, considéranse instalacións de protección contra incendios os seguintes sistemas.

- Detección e alarma de incendios.
- Interruptores de alarma de incendios.
- Extintores de incendios.
- Bocas de incendio equipadas.
- Iluminación de emerxencia.
- Sinalización.
- Abastecemento de auga.
- Alimentación eléctrica secundaria ou de emerxencia.
- Bloqueo e retención de portas.

A continuación establécense os criterios para o mantemento das instalacións de protección contra incendios.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

TÁBOA I. Por persoal de empresa mantedora autorizada ou titular da instalación.

Equipo ou sistema	Cada tres meses
Extintores de Incendio	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprobación de accesibilidade, bo estado aparente de conservación, seguros, precintos, inscricións, mangueras, etc. ▪ Comprobación do estado de carga (peso e presión) do extintor e do botello de gas impulsor (se existe), estado das partes mecánicas (boquillas, válvulas, mangueras)
B.I.E.'s	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprobación da boa accesibilidade e sinalización dos equipos. ▪ Comprobación por inspección de todos os compoñentes, procedendo a desenrolar a manguera en toda a súa extensión e accionamento da boquilla en caso de ser de varias posicións. ▪ Comprobación por lectura de manómetro da presión de servizo. ▪ Limpeza de conxunto e engraxe de peches e bisagras en portas do armario. ▪ Mantemento de acumuladores, bomba presión, canalizacións. ▪ Verificación de accesibilidade de elementos, limpeza xeral, ventilación de salas de bombas.
Sistema Detección e Alarma	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprobación do funcionamento de todas as instalacións (con ambas as dúas fontes de subministración de enerxía) ▪ Substitución de pilotos, leds, fusibles e compoñentes defectuosos, tanto dos detectores como da central. ▪ Mantemento de baterías (limpeza de bornes, reposición de auga destilada, etc...)
Iluminación de Emerxencia e sinalización	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Limpeza dos equipos exteriormente. ▪ Comprobación de funcionamento das instalacións e proba de baterías de emerxencia. ▪ Substitución de lámpadas e tubos fluorescentes defectuosos (esta operación realizarase inmediatamente se detecte este fallo na central).

TÁBOA II. Por persoal da empresa mantedora autorizada ou do titular da instalación.

Equipo ou sistema	Cada seis meses
B.I.E's	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Accionamento e engraxe de válvulas. ▪ Verificación e axuste de prensaestopas. ▪ Verificación de velocidade de motores con diferentes cargas. ▪ Comprobación de alimentación eléctrica, liñas e proteccións.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

TÁBOA III. Persoal especializado do fabricante ou instalador do equipo, ou persoal da empresa mantedora autorizada.

Equipo Ou Sistema	Cada Ano
Extintores de Incendio	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Verificación do estado de carga (peso e presión) do extintor e no caso de extintores de po con botello de impulsión, estado do axente extintor. ▪ Inspección ocular do estado da manguera, boquilla ou lanza, válvulas e partes mecánicas. ▪ Comprobación da presión de impulsión do axente extintor. ▪ Non será necesaria a apertura do os extintores de po con presión permanente, salvo que se observaran anomalías. En caso de apertura de extintor, deixarase constancia diso por un sistema indicativo no exterior do aparato.
B.I.E's	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desmontaxe da manguera e ensaio en lugar axeitado. ▪ Comprobación do correcto funcionamento da boquilla nas súas distintas posicións e do sistema de peche. ▪ Comprobación da estanquidade das unións e manguera e estado das xuntas. ▪ Comprobación por lectura do manómetro da presión de servizo, con outro de referencia (patrón), adaptado no rácor de conexión da manguera. ▪ - Mantemento de motores, bombas, filtros e elementos de retención.
Sistema Detección Incendio e Alarma	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Verificación integral da instalación. ▪ Limpeza do equipo de central e accesorios. ▪ Verificacións de unións roscadas ou soldadas. ▪ Limpeza e regraxe de relés. ▪ Regulación de potenciómetros, condensadores variables, e de tensións e intensidades. ▪ Verificación dos equipos de transmisións de alarma. ▪ Proba final da instalación con cada unha das fontes de subministro de enerxía.
Iluminación de Emerxencia e Sinalización	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desmontaxe dos equipos, limpando interior e exteriormente o elemento reflector de luz. ▪ Comprobación simultánea do funcionamento dos equipos, en situación de emerxencia, e medición da iluminación nos percorridos de evacuación.

TÁBOA IV. Persoal especializado do fabricante ou instalador do equipo, ou persoal da empresa mantedora autorizada.

Equipo ou sistema	Cada cinco anos
Extintores de incendio	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A partir da data de timbrado do extintor (e por tres veces) retimbrarase o extintor de acordo coa ITC.MIE. Ap.5 do Regulamento de aparatos de presión sobre extintores de incendios (BOE nº 149 do 23 de Xuño de 1982). ▪ Rexeitaranse aqueles extintores que a xuízo da empresa mantedora presenten defectos no seu funcionamento, ou ben cando non exista a posibilidade de recambio de pezas polas orixinais.
B.I.E.'s	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A manguera debe ser sometida a presión de proba 15 Kg/cm².

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

5.3 Inspeccións de seguridade de acordo coa normativa vixente

❖ Instalacións térmicas do edificio

A regulamentación aplícase ás instalacións térmicas dos edificios, destinadas a atender a demanda de benestar térmico e hixiene a través das instalacións de calefacción, climatización e auga quente sanitaria, co obxecto de conseguir un uso racional da enerxía que consumen, por consideracións tanto económicas como de protección do medio.

OBXECTO	TIPO	PERIODICIDADE	PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR	DOCUMENTOS A EMITIR
INSPECCIÓNS PERIÓDICAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA				
Xeradores de calor Potencia Térmica 20 Kw < P < 70 Kw	Medición e análise	5 anos	OCA	Certificado
Xeradores de calor Potencia Térmica P > 70 Kw	Medición e análise	5 anos	OCA	Certificado
Xeradores de frío P > 12 Kw	Medición e análise		OCA	Certificado

O REAL DECRETO 1751/1998, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos edificios (RITE) e as súas instrucións técnicas complementarias ITE. Está derrogado polo Novo Regulamento, REAL DECRETO 1027/2007, do 20 de xullo. Pero é de aplicación a instalacións existentes, agás no relativo á súa reforma, mantemento, uso e inspección.

❖ Instalación eléctrica en Alta Tensión. Transformador

As normas e prescricións técnicas do REAL DECRETO 3275/1982, do 12 de Novembro, sobre Condicións Técnicas e Garantías de Seguridade en Centrais Eléctricas, Subestacións e Centros de Transformación, son de aplicación para as instalacións de corrente alterna, a tensión nominal eficaz da cal sexa superior a un Kv, entre dous condutores calquera, con frecuencia de servizos inferiores a 100 Hz.

OBXECTO	PERIODICIDADE	PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR	DOCUMENTOS A EMITIR
Centro de transformación	3 anos	OCA Empresa mantedora	Acta de Inspección

Verificación ou inspección:

- Comprobación do mantemento das condicións iniciais segundo Proxecto.
- Protección contra sobre intensidades e sobre tensións.
- Protección contra contactos.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

- Comprobación de canalizacións, condutores e conexións.
- Continuidade de condutores de protección de equipotencialidade.
- Medidas de distancia de illamento.
- Resistencia da posta a terra.
- Medidas de tensión de paso e de contacto.
- Estado dos aparatos, máquinas, aparamenta e receptores.

❖ Instalación eléctrica de Baixa Tensión

Para as instalacións anteriores ao 18 de setembro do 2003, son de aplicación as prescricións e normas relativas a locais de pública concorrencia do REAL DECRETO 2413/1973, do 20 de setembro, que aprobaba o anterior Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión. As súas Instrucións Técnicas Complementarias aprobáronse pola Orde do 31 de outubro de 1973.

Para as instalacións posteriores ao 18 de setembro do 2003, e aplicable o REAL DECRETO 842/2002, do 2 de agosto, que aproba o vixente Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión.

OBXECTO	PERIODICIDADE	PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR	DOCUMENTOS A EMITIR
Centros de ensino	5 anos	OCA	Certificado de Inspección

Verificación ou inspección:

- Comprobación do mantemento das condicións iniciais segundo Proxecto.
- Protección contra sobre intensidades e sobre tensións.
- Protección contra contactos.
- Comprobación de canalizacións, condutores e conexións.
- Continuidade de condutores de protección de equipotencialidade.
- Resistencia de illamento.
- Resistencia da posta a terra.
- Caídas de tensión.
- Estado dos receptores.
- Subministracións complementarios.
- Iluminacións de emerxencia.

❖ Caldeiras

O Real Decreto 1.244/79, de 4 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Aparatos a Presión, aplicase as caldeiras.

OBXECTO	PERIODICIDADE	PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR	DOCUMENTOS A EMITIR
Caldeira	Anual	Empresa instaladora ou fabricante da caldeira autorizado	Constancia no libro de instalación

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Verificación ou inspección:

- Inspección visual das canalizacións e equipos que utilizan o fluído da caldeira.
- Estanquidade do circuito de gases.

OBXECTO	PERIODICIDADE	PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR	DOCUMENTOS A EMITIR
Caldeira	3 anos	OCA	Certificado de Inspección

Verificación ou inspección:

- Inspección visual das canalizacións e equipos que utilizan o fluído da caldeira.
- Estanquidade do circuito de gases.
- Comprobación da documentación da caldeira e da placa de instalación e inspeccións periódicas.
- Inspección visual previa e posterior a limpeza.
- Probas e ensaios diversos (Deformacións, cordóns de soldadura, espesores, válvulas de seguridade, manómetros, termómetros, condutos de fumes, circuitos eléctricos, automatismos, estrutura,...).
- Proba hidrostática (cada 6 anos).
- Ensaio de funcionamento (cada 6 anos).

❖ Almacenamento de combustibles

As normas e prescricións técnicas de aplicación para as instalacións de almacenamento de carburantes e combustibles líquidos son as indicadas na ITC-MI-IP 03. Indicada no REAL DECRETO 1523/1999, da 1 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado por Real Decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e as instrucións técnicas complementarias MI-IP 03, aprobada polo Real decreto 1427/1997, do 15 de setembro, e MI-IP 04, aprobada polo Real Decreto 2201/1995, do 28 de decembro.

OBXECTO	PERIODICIDADE	PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR	DOCUMENTOS A EMITIR
Instalacións enterradas	anual	Empresa de mantemento	Acta , informe, certificado o un ditame

Verificación ou inspección:

- Protección activa.

OBXECTO	PERIODICIDADE	PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR	DOCUMENTOS A EMITIR
Instalacións enterradas	5 anos	Empresa de mantemento	Acta , informe, certificado o un ditame

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Verificación ou inspección:

- Proba de estanquidade de depósitos.
- Proba de estanquidade de canalizacións.
- Correcto funcionamento do sistema de fugas.

OBXECTO	PERIODICIDADE	PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR	DOCUMENTOS A EMITIR
Instalacións enterradas	10 anos	OCA	ACTA

Verificación ou inspección:

- Inspección global da instalación.

❖ Ascensores

Aos ascensores movidos eléctrica, hidráulica ou oleoeléctricamente, instalados de forma permanente, que poñan en comunicación niveis definidos cunha cabina destinada ao transporte de persoas ou de persoas e obxectos, suspendida mediante cables ou cadeas ou sostida por un ou máis pistóns, e que se desprace, ao menos parcialmente, ao longo de guías verticais ou cunha inclinación sobre a vertical inferior a 15º, aplícase a Instrución Técnica Complementaria MIE-AEM 1 do Regulamento de Aparatos de Elevación e Manutención, REAL DECRETO 2291/1985, do 8 de novembro (Industria e Enerxía).

OBXECTO	PERIODICIDADE	PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR	DOCUMENTOS A EMITIR
Instalación de Ascensores	Mensual	Empresa conservadora	Acta de inspección e rexistro de mantemento (Libro de conservación)

Verificación ou inspección:

- Estado mecánico das portas de piso y garantía de peche e condena posterior.
- Dispositivos de encravamento.
- Freo mecánico.
- Limitador de velocidade.
- Paracaídas.
- Amortecedores.
- Dispositivo de petición de socorro.

OBXECTO	PERIODICIDADE	PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR	DOCUMENTOS A EMITIR
Instalación de Ascensores	2 anos	OCA	Acta de inspección e rexistro de mantemento (Libro de conservación)

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Verificación ou inspección:

- Estado mecánico das portas de piso y garantía de peche e condena posterior.
- Dispositivos de encravamento.
- Freo mecánico.
- Limitador de velocidade.
- Paracaídas.
- Amortecedores.
- Dispositivo de petición de socorro.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Capítulo 6

Plan de actuación ante emerxencias

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

O presente Capítulo pretende establecer, de forma tan precisa como sexa posible (tendo en conta que se basea en parte en formulacións hipotéticas ou teóricas), a conduta a seguir por todas as persoas que se achen na ETSE no momento de producirse unha emerxencia. Establécense as actuacións tanto para as persoas ás que se asignaron labores específicas para combater a emerxencia, coma para o persoal sen labores de ningún tipo, incluído o non pertencente a Universidade de Santiago de Compostela.

Este Plan de Actuación ante emerxencias áchase dividido nas seguintes partes, necesarias todas elas para establecer as actuacións de todo o persoal.

- A. **Instrucións** para que a persoa que detecte unha emerxencia faga saber á Organización da *Universidade de Santiago de Compostela* a súa existencia. Igualmente, establécense os sistemas de comunicación para informar da existencia dunha emerxencia a todo o persoal involucrado. Con isto preténdese que se poida combater a emerxencia dende o primeiro instante, con todos os medios existentes e da forma máis coordinada e rápida posible.
- B. **Organigrama** establecido para a actuación fronte a calquera tipo de emerxencia.
- C. **Pautas de actuación**, en caso de emerxencia, de cada un dos grupos establecidos no Organigrama. As devanditas actuacións inclúen instrucións sobre como serán avisados da existencia dunha emerxencia e que deben facer sempre no devandito caso.

Estas actuacións desenvolveranse sempre que se active o Plan de Emerxencia, independentemente do tipo de emerxencia que se produza.

A continuación defínense as accións a desenvolver para o control inicial das emerxencias, garantíndose a alarma, a evacuación e o socorro.

6.1 Identificación e clasificación das emerxencias

Os riscos teñen intrinsecamente un perigo potencial, cando concorren unha serie de causas no tempo e no lugar preciso, cunhas condicións específicas, producindo o accidente, que á súa vez causa danos ás persoas e os bens materiais.

Do grao da súa integración e da coordinación previa que se alcance, dependerá en boa medida a eficacia da súa intervención e a severidade das consecuencias dos sucesos nos que participen.

Esta tarefa de integración coa Axuda Externa non se inicia coa chamada ante unha emerxencia na Escola. Para lograr a integración e o seu aseguramento, é preciso establecer unhas relacións fluídas que posibiliten o coñecemento mutuo e o intercambio dunha información ampla.

Realizaranse as actividades seguintes:

- Inclusión da súa actuación no Plan de Autoprotección.
- Reunións das estruturas directivas (a distintos niveis).
- Programación de visitas para que os compoñentes da Axuda Externa coñezan e se familiaricen coas instalacións (sobre todo con aquelas singulares).
- Programación de exercicios e simulacros.
- Intercambios de información e comunicación.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

- Establecemento de plans conxuntos e/ou convenios de colaboración.

Planificaranse reunións cos diferentes Servizos Externos (Bombeiros, Policía Local, Protección Civil, etc.) para fixar programas de traballo sobre os aspectos antes citados. Como interlocutores exercerán o Xefe de Emerxencias, cando se considere necesario, participarán os distintos integrantes da estrutura directiva e da organización de emerxencias.

Previamente á realización dun simulacro de emerxencia na Escola Técnica Superior de Enxeñaría avisarase a Protección Civil (112) para que se traslade a información correspondente aos diferentes medios.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Capítulo 8

Implantación do plan de autoprotección

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Neste capítulo establécense as medidas que se deberán adoptar para poñer en funcionamento o Plan de Autoprotección.

8.1 Identificación do responsable da implantación do plan

Tendo en conta que o titular do centro que pola súa actividade, require dun Plan de Autoprotección, é o responsable da realización e implantación deste e que, por outro lado, a Lei de Prevención de Riscos Laborais (Lei 31/1995, do 8 de novembro) establece que "O empresario (...) deberá analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos traballadores, designando para iso o persoal encargado de poñer en práctica estas medidas e comprobando periodicamente o seu correcto funcionamento".

O Xefe de Emerxencias será o responsable de poñer en marcha o presente Plan de Autoprotección. É contará para iso co apoio do Persoal da ETSE que estime oportuno.

Segundo a lexislación vixente, todos os traballadores están obrigados a participar nos plans de emerxencia e evacuación do seu centro de traballo (apartado 1.5 da Disposicións xerais da Norma Básica de Autoprotección), obriga que é innata a todos os cidadáns (lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre Protección Civil) e a respectar as medidas de prevención adoptadas pola súa propia seguridade e saúde no traballo (Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais).

Por outro lado, o art. 19.4 do Estatuto dos Traballadores establece que os empregados están obrigados a *"asistir e seguir a formación práctica e adecuada en materia de seguridade e hixiene no traballo que facilite o empresario e realizar as prácticas que se deseñen"*.

En virtude do anteriormente exposto establécese a necesidade de que tanto a Dirección da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, como os traballadores colaboren na correcta implantación e posta en marcha do presente Plan.

8.2 Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no plan de autoprotección

En principio podería formar parte da estrutura de actuación fronte a emerxencias calquera persoa que traballe na ETSE xa que a Lei de Protección Civil establece o deber de colaboración nas situacións de emerxencia para calquera persoa -baixo precepto constitucional.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Non obstante é preciso que as persoas que se integren nas tarefas e os equipos, e de forma particular naqueles con maior esixencia de compromiso, o fagan con altas doses de convencemento da importancia do labor do que formarán parte: a defensa do dereito da vida en situacións extraordinarias.

O persoal que ten unha participación activa no Plan de Autoprotección (Persoal que constitúe os Equipos de Emerxencia) terá unha formación e información que lle permita dar a coñecer as misións que se lles encomenda no Plan de Autoprotección e as técnicas para a prevención e loita contra o risco de incendio.

Ao persoal dos equipos de emerxencia distribuiránselle a documentación anteriormente indicada e unha documentación mais ampla sobre:

- Medios técnicos e humanos con que conta a Escola.
- Funcións propias de cada un dos Equipos de Emerxencias.
- Procedementos Operativos específicos dos Equipos de Emerxencias.
- Comportamento Humano ante situacións de emerxencia.

O persoal dos equipos de emerxencia do Centro debe recibir unha formación presencial necesaria para que o seu comportamento durante as situacións de emerxencia sexa o máis axeitado aos fins pretendidos. Esta formación abranguerá:

- Riscos específicos do centro e principais zonas de risco.
- Medios técnicos e humanos con que conta o centro.
- Utilización de extintores e bocas de incendio equipadas.
- Funcións propias dos equipos de cada un dos Equipos de Emerxencias.
- Procedementos Operativos Específicos dos Equipos de Emerxencias.
- Actuación nas distintas fases dunha Emerxencia.
- Funcionamento dos sistemas de detección e alarma do centro.
- Comportamento Humano ante situacións de emerxencia.
- Primeiros auxilios

A formación practica é imprescindible e debe entenderse como un proceso de creación de actos reflexos, que permitan actuar sen titubeos e con eficacia. Esta formación pode realizarse case simultaneamente coa formación teórica, sempre que se inicie con certo atraso con relación a ela.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Se é posible, os membros do Equipo de Primeira Intervención, realizarán prácticas de lume real provocado e controlado, empregando os mesmos equipos de loita contra incendios existentes no edificio e aplicados a situacións de emerxencia simulada.

Realizarase unha formación practica continuada mediante a realización de simulacros de acorde coa lexislación actual.

A formación e información que deben ter os distintos membros dos equipos de emerxencia e a seguinte:

- *Xefe de Emerxencias, Xefe de Intervención e suplentes*
 - Coñecemento global do Plan de Emerxencia.
 - Curso de Teórico-práctico de Prevención e extinción de incendios.

- *Equipo de Primeira Intervención*
 - Asistencia a charla explicativa das súas funcións.
 - Curso de Teórico-práctico de Prevención e extinción de incendios.
 - Coñecemento e posesión das fichas:
 - Equipos de Primeira Intervención.
 - Ficha de Actuación en Caso de Incendio.
 - Ficha de actuación en caso de Vertedura ou Fuga.
 - CONSERXARÍA (Centro de Control).

- *Equipo de Primeiros Auxilios*
 - Asistencia a charla explicativa das súas funcións.
 - Asistencia a Curso de Primeiros Auxilios.
 - Coñecemento e posesión das fichas:
 - Equipo de Primeiros Auxilios.
 - Ficha de Actuación en caso de Accidente.

- *Equipo de Alarma e Evacuación*
 - Asistencia a charla explicativa das súas funcións.
 - Asistencia a Curso específico de Alarma e Evacuación
 - Coñecemento e posesión das fichas.
 - Equipos de evacuación.

- *Persoal da Cafetería*
 - Coñecemento e posesión da ficha.
 - Persoal da Cafetería.

8.3 Programa de formación e información a todo o persoal sobre o plan de autoprotección

Todo o persoal pertencente os Equipos de Emerxencia debe recibir unha formación básica (Charla explicativa das funcións contempladas no plan) para saber que facer e como han de actuar en caso de emerxencia ou evacuación da Escola. En particular deben saber como previr un incendio e de como actuar en caso de que o incendio se produza.

Debido a mobilidade de persoal na Escola, xa comentada en anteriores apartados do presente Plan de Autoprotección, en cada aula, laboratorio, etc., da Escola, colocárase un cartel informativo que conteña de xeito moi sinxelo as pautas e actuación a seguir no caso de decretarse unha situación de emerxencia:

- Evacuación do persoal / alumnado o seu cargo.
- Localización do Punto de Encontro Exterior.
- Como dalo aviso de alarma.
- Teléfonos de Axuda Exterior.
- Etc.

8.4 Programa de información xeral para os usuarios

Para información dos usuarios da Escola Técnica Superior de Enxeñaría disporase:

- Colocación de planos de situación, tipo "vostede está aquí", cos itinerarios de evacuación e as saídas de emerxencia. Para que sirvan de orientación aos usuarios e que teñan unha rápida orientación visual e coñecemento de saídas do inmobile.
- Sinalización do Punto de Encontro Exterior.

8.5 Sinalización e normas para a actuación dos visitantes

Como complemento á información facilitada garantirase o sinalización dos medios de evacuación, sinalización das instalacións, sinalización dos puntos de encontro, planos de itinerarios de evacuación e normas de evacuación. Todo o edificio está sinalizado con sinais normalizados, quedando claramente identificadas as vías de evacuación e as saídas xerais e de emerxencia.

Para a sinalización das vías de evacuación e dos equipos de protección contra incendios:

A. Sinalización dos medios de evacuación

Utilizaranse os sinais de saída de uso habitual ou de emerxencia, definidas na norma UNE 23034:1988, conforme aos seguintes criterios:

1. As saídas do establecemento, planta ou inmobile terán un sinal co rótulo "SAÍDA".
2. O sinal co rótulo "SAÍDA DE EMERXENCIA" utilizarase nas saídas previstas para uso exclusivo en caso de emerxencia.
3. Disporase de sinais indicativos de dirección dos percorridos, visibles dende toda orixe de evacuación dende que non se perciban directamente as saídas ou os seus sinais indicativos e en particular, fronte a toda saída dun recinto con ocupación maior de 100 persoas que acceda lateralmente a un corredor.
4. Nos puntos dos percorridos de evacuación nos que existan alternativas que poidan inducir a erro, tamén disporanse os sinais antes citados, de forma que quede claramente indicada a alternativa correcta. Tal é o caso de determinados cruzamentos ou bifurcacións de corredores, así como de aquelas escaleiras que, na planta de saída do centro, continúen o seu trazado cara a plantas máis baixas, etc.
5. Nos devanditos percorridos, xunto ás portas que non sexan de saída e que poidan inducir a erro na evacuación disporase dun sinal co rótulo "sen SAÍDA" en lugar doadamente visible pero en ningún caso sobre as follas das portas.
6. Os sinais disporanse de forma coherente coa asignación de ocupantes que se pretenda evacuar por cada saída, conforme ao establecido no capítulo 4 do C.T.E.
7. O tamaño dos sinais será.
 - a. 210 x 210 mm cando a distancia de observación do sinal non exceda de 10 m.
 - b. 420 x 420 mm cando a distancia de observación estea comprendida entre 10 e 20 m.
 - c. 594 x 594 mm cando a distancia de observación estea comprendida entre 20 e 30 m.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

B. Sinalización das instalacións manuais de protección contra incendios

1. Os medios de protección contra incendios de utilización manual (extintores, bocas de incendio equipadas e interruptores manuais de alarma) estarán sinalizar mediante carteis definidos segundo a norma UNE 23033-1 o tamaño da cal sexa.
 - a. 210 x 210 mm cando a distancia de observación do sinal non exceda de 10 m.
 - b. 420 x 420 mm cando a distancia de observación estea comprendida entre 10 e 20 m.
 - c. 594 x 594 mm cando a distancia de observación estea comprendida entre 20 e 30 m.
2. Os sinais deben ser visibles mesmo en caso de fallo na subministración á iluminación normal. Cando sexan fotoluminiscentes, as súas características de emisión luminosa deben cumprir o establecido na norma UNE 23035 4:1999.

8.6 Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos

Un aspecto importante a ter en conta para a correcta implantación do Plan de Autoprotección é que os medios técnicos establecidos para actuar en caso de ser necesario poñer en práctica o devandito Plan sexan correctos e estean en perfecto estado. A continuación analízanse algúns aspectos a ter en conta:

a. Copias do Plan de Autoprotección

Na CONSERXARÍA debe gardarse unha copia de Plan de Autoprotección, con planos, a disposición dos Servizos Públicos de Extinción nun armario previsto para esta documentación.

b. Material de Primeiros Auxilios

Na Escola Técnica Superior de Enxeñaría disporase, como mínimo, dunha caixa de primeiros auxilios situada en conserxaría, que conteña desinfectantes e antisépticos autorizados, gasas estériles, algodón hidrófilo, venda, esparadrappo, apósitos adhesivos, tesoiras, pinzas e luvas de un so uso. O material de primeiros auxilios revisarase periodicamente e irase repoñendo tan pronto como caduque ou sexa utilizado. Disporase tamén dun desfribilador.

c. Equipos do persoal de emerxencias

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Os Equipos de Emerxencia deben ter a capacidade de intervir, nos sinistros, con garantías de seguridade. Para tal fin serán dotados de material individual acorde coa labor encomendada.

Recomendase dotar o Xefe de Emerxencias e o Xefe de Intervención de:

- Chaleco identificativo reflíctante e de cor laranxa.
- Lanterna
- Radio Comunicador Portátil

d. Coñecemento do persoal presente no centro.

Debido a que fora do horario de funcionamento habitual da Escola (horario nocturno), pode darse o caso de que exista a presenza dalgún investigador na Escola, considerase necesario establecer algún sistema que notifique a entrada e saída desas persoas o Servizo de Vixilancia da Universidade.

8.7 Programa de implantación do plan de autoprotección

Este apartado ten por obxecto definir o mecanismo de posta en marcha do Plan de Autoprotección.

Para iso establécese a seguinte secuencia de implantación.

1. Aprobación do Plan.
2. Presentación do Plan á estrutura directiva, con responsabilidade sobre as actividades do centro, e aos Comités de Seguridade e Saúde laboral e de Representantes dos Traballadores.
3. Designación de integrantes dos Equipos de Emerxencia.
4. Entrega do Plan, ou das partes que correspondan, a todos os integrantes dos Equipos de emerxencia.
5. Formación teórico-práctica aos Equipos de Emerxencia, que os capacite para desenvolver as accións que teñan encomendadas no Plan de Emerxencia.
6. Colocación de planos y trípticos para informar o persoal da Universidade, usuarios, alumnos e visitas sobre actuacións de prevención de riscos e comportamento a seguir en caso de emerxencia.
7. Reunións cos Servizos de Axuda Exterior, fundamentalmente Bombeiros, Protección Civil, Policía Local e Nacional co fin de axustar os procedementos de alerta, accesos, protocolos comúns, etc.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

8. Realización de simulacros e exercicios de actuación en emerxencia co fin de ensaiar e comprobar o correcto funcionamento dos medios humanos e técnicos establecidos e de articular as interfases, de xeito particular no que fai referencia á coordinación cos Servizos Externos.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Capítulo 9

Mantemento da eficacia e actualización do Plan de autoprotección

Para que o Plan de Autoprotección sexa realmente efectivo, deberá estar permanentemente actualizado. Igualmente deberá realizarse un mantemento axeitado dos medios técnicos e humanos, comprobando o bo funcionamento destes.

A continuación fórmulanse unha serie de apartados nos que recollen certos aspectos encamiñados a conseguir o obxectivo de que o presente Plan de Autoprotección estea permanentemente actualizado e vixente.

9.1. Programa de reciclaxe de formación e información

Establecerase un axeitado programa de actividades formativas periódicas para asegurar o mantemento da formación teórica e práctica do persoal asignado ao Plan de Autoprotección, establecendo sistemas ou formas de comprobación de que os devanditos coñecementos foron adquiridos.

Presentarase un programa anual co seu correspondente calendario que comprenda as actividades relacionadas co mantemento do Plan de Autoprotección que se levarán a cabo durante ese período. A lista non exhaustiva de actividades a desenvolver será.

- Cursos periódicos de formación e adestramento ou reciclaxe do persoal.
- Mantemento das instalacións que presentan un risco potencial de incendio.
- Mantemento das Instalacións de Protección Contra Incendios.
- Inspeccións de seguridade.
- Simulacros anuais de emerxencia.

9.2. Programa de substitución de medios e recursos

Preverase un programa de mantemento dos medios e recursos materiais e económicos necesarios.

9.3. Programa de exercicios e simulacros

A precisión e fiabilidade do Plan de Actuación en Emerxencias só avaliarase, aparte de nunha emerxencia real, mediante a realización de simulacros periódicos, que ademais de servir de adestramento aos membros dos distintos equipos encargados de facer fronte a unha emerxencia, serven para a adaptación das demais persoas a este tipo de exercicios e o perfeccionamento constante das consignas de seguridade contidas no Capítulo 6 Plan de Actuación ante Emerxencias.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Para avaliar o plan de Autoprotección e asegurala súa eficacia e a operatividade deberanse realizar simulacros de emerxencia, polo menos una vez o ano avaliando os seus resultados.

A realización de simulacros terá como obxectivos a verificación e comprobación de.

- A eficacia da organización de resposta ante unha emerxencia.
- A capacitación do persoal adscrito á organización de resposta.
- O adestramento de todo o persoal da actividade na resposta fronte a unha emerxencia.
- A suficiencia e idoneidade dos medios e recursos asignados.
- A adecuación dos procedementos de actuación.

Os simulacros implicarán a activación total ou parcial das accións contidas no Plan de Actuación en Emerxencias.

É recomendable que o simulacro sexa posto en coñecemento das autoridades de Protección Civil, solicitando a súa colaboración e mesmo a súa presenza, se se estima oportuno, ao igual que a doutras axudas exteriores de apoio (ambulancias, Policía, Bombeiros, etc.).

Organización e desenvolvemento dos simulacros

As funcións de Director/a do simulacro, recaerán no Xefe de Emerxencias de quen pola súa parte designará os árbitros que considere oportunos.

Para o desempeño destas funcións contará con árbitros, alleos aos Equipos de Intervención, que terán como misión principal a de seguir o desenvolvemento do simulacro, tomando nota de cantas deficiencias ou acertos obsérvense, subliñándoos no xuízo crítico posterior e interpelando os executantes acerca dos motivos das súas sucesivas decisións.

Se establecerá a periodicidade dos exercicios tendo en conta que deben obterse experiencias en toda clase de situacións relativas a horario, ocupación e presenza de persoal.

A organización e desenvolvemento dun simulacro, comprenderá as fases seguintes.

- Preparación.
- Execución.
- Xuízo crítico.

a. Fase de preparación

Determinarase o día e a hora, designaranse os árbitros e o persoal de equipos de emerxencia que interveñen interveñen en exercicio.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Levarase a cabo unha reunión das persoas anteriores, nun lugar previamente elixido, para dalos a coñecer a natureza do simulacro e as condicións e hora de comezo deste.

Adoptarase a decisión máis axeitada en función da situación que se formule, co obxecto de aproximala o máis posible á realidade e prever a cooperación das axudas exteriores de apoio que fosen chamadas.

b. Fase de execución

A execución comporta a aplicación práctica de todas as ensinanzas recibidas e comprende as partes seguintes.

- A alerta do persoal do Equipo de Emerxencia.
- A reunión e despregamento deste Equipo.
- A intervención coordinada dos servizos.
- A resolución oportuna e correcta das incidencias que o Director/a do exercicio e os árbitros formulen.
- A conclusión do simulacro e a volta á normalidade.

c) Fase de xuízo crítico

Celebrarase unha reunión inmediatamente despois de rematado o exercicio, con asistencia do Xefe en Emerxencias, árbitros e membros do Equipo de Emerxencia que participaran no simulacro.

No curso da reunión analizaranse detidamente todos os seus detalles e en especial os aspectos seguintes.

- Tempo empregado no simulacro.
- Factores negativos que dilataran o simulacro respecto á duración estimada.
- Recoñecementos practicados en locais para asegurarse da ausencia total de persoas.
- Comportamento do persoal en xeral e do persoal do Equipo de Emerxencia.

Emitirase o informe/acta correspondente co fin de realizar os cambios pertinentes para a mellora do Plan de Autoprotección.

9.4. Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do plan de autoprotección

O presente Plan de Autoprotección ten unha vixencia indeterminada aínda que debe ser revisado polo menos cada tres anos.

Así mesmo, deberá revisarse o Plan de Autoprotección sempre que se dea algunha das seguintes circunstancias.

- Modificación da lexislación vixente ou regulamentación de orde interna.
- Modificacións substanciais na configuración dos edificios ou nas actividades.
- Cambios de uso de calquera dos seus locais
- Deficiencias observadas no Plan de Autoprotección a partir da realización de simulacros ou ben con motivo de emerxencias reais.

9.5. Programa de auditorías e inspeccións

As inspeccións deberán comprender os seguintes aspectos.

- Inspección do sistema de evacuación

Comprobaranse os percorridos de evacuación, portas nos percorridos, escaleiras de incendio en perfecto estado, sinalización e iluminación axeitados, etc.
- Inspección da iluminación de emerxencia

Proba periódica por interrupción de subministración e caída de tensión, da subministración de 2 horas, adecuación aos obxectivos, Estado e carga das baterías.
- Inspeccións periódicas programadas da sectorización.

Hase de comprobar, como mínimo, o axeitado funcionamento das portas de cerramento resistentes ao lume (Axuste do peche, accionamentos dos peches automáticos, bo funcionamento de picaportes e accionamentos antipánico, así como retedores automáticos e electroventosas, estado dos axexadoiros da porta).

Das actividades de mantemento da eficacia do Plan conservarase por parte da Universidade de Santiago de Compostela a disposición das Administracións Públicas, información sobre estas, así como dos informes de avaliación realizados debidamente asinados polo Responsable do Plan.

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Anexo I

Directorio de comunicación

Rua Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.706 Santiago de Compostela

Composicións dos Equipos de Emerxencias. Teléfonos dos seus compoñentes.

POSTO EN EMERXENCIA	NOME E APELIDOS	ZONA E POSTO DE TRABALO	HORARIO	TELÉFONO Ou EXT.
Xefe Emerxencia (XE)				
Xefe Intervención (XI)				
Equipo Primeira Intervención (EPI)				
Equipo de Alarma e Evacuación (EAE)				
Equipo Primeiros Auxilios (EPA)				

Rua Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.706 Santiago de Compostela

Telefonos da axuda exterior

Medio	Telefone 1	Telefone 2
 Xeral emerxencias	112	
 Protección Civil	981 54 31 05	
 Bombeiros	080	
 Policía local	092	
 Policía Nacional	091	
 Garda Civil	062	
 Ambulancias	061	
 Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela	981 950 000	
 Información toxicolóxica	915 620 420	
Servizo de Prevención de Riscos da USC	Ext. 33333	
Servizo de Vixilancia da Saúde da USC	Ext. 33331	
Servizo de vixilancia. ILUNION	600 94 00 50	

Rua Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.706 Santiago de Compostela

Anexo II

Formularios para a xestión de emerxencias

Rua Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.706 Santiago de Compostela

**NOMEAMENTO E COMUNICADO DE FUNCIÓNS DO XEFE DE EMERXENCIAS
(XE)
ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA**

En _____, a ____ de _____ de ____

De acordo co establecido no Plan de Autoprotección, a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, en cumprimento da Regulamentación vixente en materia de Emerxencias e do deber de prevención de riscos laborais que ten o empresario, de acordo co establecido no Art. 20 da Lei 31/1.995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, decidiu nomear como **Xefe de Emerxencia** a:

D./D^a.

As funcións que corresponden ao **Xefe de Emerxencia**, as cales deberán ser desempeñadas de forma integrada coas funcións que corresponden ao seu cargo, están definidas no Plan de Actuación ante Emerxencias.

- En caso de ausencia do **Xefe de Emerxencia** actuará como suplente:

D./D^a.

	Recibín:
	Sinatura do destinatario Data:

Rua Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.706 Santiago de Compostela

**NOMEAMENTO E COMUNICADO DE FUNCIÓNS DO XEFE DE INTERVENCIÓN
(XI)
ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA**

En _____, a ____ de _____ de 2____

De acordo co establecido no Plan de Autoprotección a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, en cumprimento da Regulamentación vixente en materia de Emerxencias e do deber de prevención de riscos laborais que ten o empresario, de acordo co establecido no Art. 20 da Lei 31/1.995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, decidiu nomear como **Xefe de Intervención** a:

D./D^a. _____

As funcións que corresponden ao **Xefe de Intervención**, as cales deberán ser desempeñadas de forma integrada coas funcións que corresponden ao seu cargo, están definidas no Plan de Actuación ante Emerxencias.

- En caso de ausencia do Xefe de Intervención actuará como suplente:

D./D^a. _____

<p>Asinado: Xefe de Emerxencia.</p>	<p>Recibín: O Xefe de intervención e o seu suplente.</p>
<p>Cargo: Director/a Data:</p>	<p>Sinatura do destinatario Data:</p>

Rua Lope Gómez de Marzoa, s/n
 Campus Vida
 15.706 Santiago de Compostela

CONSTITUCIÓN E COMUNICADO DE FUNCIÓNS DO EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN (EPI) ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

En _____, a ____ de _____ de ____

De acordo co establecido no Plan de Autoprotección, a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, en cumprimento da Regulamentación vixente en materia de Emerxencias e do deber de prevención de riscos laborais que ten o empresario, de acordo co establecido no Art. 20 da Lei 31/1.995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, decidiu nomear como membros do **Equipo de Primeira Intervención** a:

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

As funcións que corresponden aos membros do **Equipo de Intervención**, as cales deberán ser desempeñadas de forma integrada coas funcións habituais que corresponden ao seu posto, están definidas no Plan de Actuación ante Emerxencias.

Asinado: Xefe de Emerxencia Cargo: Director/a Data:	Recibín: Sinatura do destinatario Data:
--	---

Rua Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.706 Santiago de Compostela

**CONSTITUCIÓN E COMUNICADO DE FUNCIÓNS DO EQUIPO DE ALARMA E
EVACUACIÓN (EAE)
ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA**

En _____, a ____ de _____ de _____

De acordo co establecido no Plan de Autoprotección A **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, en cumprimento da Regulamentación vixente en materia de Emerxencias e do deber de prevención de riscos laborais que ten o empresario, de acordo co establecido no Art. 20 da Lei 31/1.995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, decidiu nomear como membros do **Equipo de Alarma e Evacuación** a:

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

D./D^a. _____

As funcións que corresponden aos membros do **Equipo de Alarma e Evacuación**, as cales deberán ser desempeñadas de forma integrada coas funcións habituais que corresponden ao seu posto, están definidas no Plan de Actuación ante Emerxencias.

Asinado:

Xefe de Emerxencia

Cargo:

Data:

Recibín:

Sinatura do destinatario Data:

Anexo III

Planos

- Plano de situación, comprendendo o ámbito próximo no que figuran os accesos, comunicacións, etc.
- Planos descriptivos de todas as plantas do edificio, das instalacións e das áreas onde se realiza a actividade.
- Planos de situación por plantas de todos os elementos e/ou instalacións de risco.
- Planos de situación dos medios de Autoprotección, conforme a normativa UNE.
- Planos de percorridos de evacuación e áreas de confinamento.


Rua Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.706 Santiago de Compostela

Anexo IV

Procedementos operativos para os diferentes tipos de emerxencia

Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.706 Santiago de Compostela

DIAGRAMA DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA



Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Actuación en caso de accidente

Medios humanos que interveñen.

Xefe de Emerxencias (X.E.)	Centro de Comunicación e Control - CONSERXARÍA (C.C.C.).
Xefe de Intervención (X.I.)	Equipo de Primeiros Auxilios (E.P.A.)
Equipo de Primeira Intervención (E.P.I.)	Servizos Externos (S.E.)

A continuación descríbense ás fases e actuación en caso de que a emerxencia sexa un accidente.

Fase	Descrición da situación	Actuación
A-1 ↓	Prodúcese un accidente. Un traballador, alumno ou visita o descobre.	<ul style="list-style-type: none"> Protexer ao accidentado. Avisar a C.C.C. Socorrer ó accidentado se é posible.
A-2 ↓	C.C.C. recibe o aviso de emerxencia.	<p>O persoal de C.C.C. fará o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> Avisar e informa a X.E. y X.I. dá situación actual. Avisar ó E.P.A. para que acudan á zona.
A-3 ↓	C.C.C. comunica o aviso de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> X.E. acode a C.C.C. X.I. en canto recibe o aviso de emerxencia, desprazase ao lugar do accidente. E.P.A. Diríxese co material necesario ao lugar do accidente.
A-4 ↓	X.I. chega ao lugar do accidente.	<p>X.I. analiza a situación:</p> <ul style="list-style-type: none"> Situación controlada. Informa a X.E. Necesidade de asistencia S.E. Avisa a X.E.
A-5 ↓	X.E. recibe comunicación de necesidade de asistencia de S.E.	<p>Solicitar axuda externa.</p> <ul style="list-style-type: none"> Avisar aos S.E. (unidade de Vixilancia da saúde, ambulancias,...).
A-6 ↓	Chegada dos S.E. ao C.C.C.	<ul style="list-style-type: none"> X.E. recibe aos S.E. e infórmales dá situación. Persoal de C.C.C. acompaña aos S.E. ao lugar do accidente.
A-7 ↓	Chegada dos S.E. ao lugar do accidente	<ul style="list-style-type: none"> E.P.A. informa dá gravidade, de posibles feridos e axuda non seu traslado.
A-8 ↓	Traslado en ambulancia de posibles feridos.	<ul style="list-style-type: none"> E.P.A. anota os datos dos feridos e do servizo ambulancia. E.P.A. Avisa á familia do accidentado.
A-9 ↓	Situación controlada ou falsa alarma.	<ul style="list-style-type: none"> X.E. Da aviso de FIN DE EMERXENCIA. Repregamento de medios e volta a situación normal.
A-10	Reunión de investigación e notificación do accidente.	<ul style="list-style-type: none"> Reunión entre X.E. e X.I. para investigar ás causas do accidente e emitir un informe ao respecto. Notificación do accidente ao Servizo de Prevención.

Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Actuación en caso de incendio

Medios humanos que interveñen:

Xefe de Emerxencias (X.E.)	Centro de Comunicación e Control - CONSERXARÍA (CCC).
Xefe de Intervención (X.I.)	Equipo de Alarma e Evacuación (E.A.E.)
Equipo de Primeira Intervención (E.P.I.)	Servizos Externos (S.E.)

A continuación descríbense ás fases e actuación nos casos de conato e emerxencia parcial/xeral cando a emerxencia é un incendio.

Actuación en caso de CONATO		
Fase	Descrición da situación	Actuación
C-1 ↓	Traballador descobre un conato de incendio.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Intentar controlar o incendio ▪ Se non controla o incendio, premer o botón de alarma e informar a C.C.C. ⇒ C-2. ▪ Se o controla, informar do incidente a C.C.C. ⇒ C-3
C-2 ↓	Pequeno incendio nunha zona localizada	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os E.P.I da zona, intenta controlar situación e atacan o lume cos extintores. ▪ Tratarán de mitigar os fumes e emanacións, de xeito que se minimize o seu impacto. ▪ Os E.P.I. das outras plantas diríxense ao CCC e póñense as ordes do X.E. e X.I. ▪ E.A.E está pendente da evolución da emerxencia.
C-3 ↓	C.C.C. recibe o aviso de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Informa a X.I e X.E. dá situación actual.
C-4 ↓	C.C.C. comunica o aviso de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ X.E. acode ao C.C.C. ▪ X.I. en canto recibe o aviso de emerxencia, desprazase ao lugar do sinistro.
C-5 ↓	X.I. chega ao lugar do sinistro.	<p>X.I. analiza a situación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Situación controlada. Informa a X.E. ⇒ C-6 ▪ Situación descontrolada. Informa a X.E. ⇒ EPX-1.
C-6 ↓	X.E. recibe a comunicación de situación controlada ou falsa alarma.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Da aviso de FIN DE EMERXENCIA.
C-7 ↓	Xestión dos residuos	X.I. coordinará as actuacións para a xestión dos residuos xerados.
C-8	Reunión X.E. e X.I. para analizar causas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xeración dun informe. ▪ Comunicación o Servizo de Prevención do incidente.

Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Actuación en caso de incendio

Actuación en caso de EMERXENCIA PARCIAL / XERAL		
Fase	Descrición situación	Actuación
EPX-1 ↓	X.I informa ó X.E. da emerxencia parcial/xeral	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Posibilidade de control polo X.I. e E.P.I. ⇒ EPX-2. ▪ Situación descontrolada ⇒ EPX-4. ▪ Se hai feridos ⇒ ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE .
EPX-2 ↓	X.I. dá instrucións aos E.P.I. e aos E.A.E.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ E.P.I. intenta controlar a situación cos medios ao seu alcance. ▪ Corte da subministración eléctrica da zona. ▪ E.A.E. Evacúa a zona do incendio.
EPX-3 ↓	Actuación dos E.P.I.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Consegue o control da situación ⇒ EPX-8. ▪ Situación descontrolada ⇒ EPX-4.
EPX-4 ↓	X.I. informa de situación descontrolada a X.E.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ X.E. Pulsa alarma (hasta fin de emerxencia) ▪ X.E. solicita axuda externa S.E.
EPX-5 ↓	Alarma de emerxencia en continuo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ E.A.E. evacúan o centro dirixíndose ao punto de reunión. ▪ E.A.E. Comprobación de ausencias e informan o X.E. da zona evacuada.
EPX-6 ↓	Chegada dos S.E. ao centro	<ul style="list-style-type: none"> ▪ X.E. recibe aos S.E. e informa dá situación.
EPX-7 ↓	Actuación dos S.E.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ S.E. controlan a situación.
EPX-8 ↓	X.E. recibe a comunicación de situación controlada.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Da aviso de FIN DE EMERXENCIA.
EPX-9	Reunión X.E. e X.I. para analizar causas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xeración dun informe. ▪ Comunicación o Servizo de Prevención do incidente.

Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Actuación en caso de explosión

Medios humanos que interveñen:

Xefe de Emerxencias (X.E.)	Centro de Comunicación e Control – CONSERXARÍA (CCC)
Xefe de Intervención (X.I.)	Equipo de Alarma e Evacuación (E.A.E.)
Equipo de Primeira Intervención (E.P.I.)	

A continuación descríbense ás fases e actuación non caso que a emerxencia sexa unha explosión.

Fase	Descrición da situación	Actuación
E-1 ↓	Prodúcese a explosión.	<ul style="list-style-type: none"> Premer botón de alarma. Avisar a C.C.C.
E-2 ↓	Ó escoitala alarma ou explosión.	<ul style="list-style-type: none"> Os EPI da planta do sinistro delimitan a zona e non permiten o paso. Os EPI das outras plantas diríxense ao C.C.C. e póñense as ordes do X.E. e X.I.
E-3 ↓	C.C.C. recibe o aviso de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> Avisa e informa a X.E. e X.I. dá situación actual.
E-4 ↓	C.C.C. comunica o aviso de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> X.E. acode a C.C.C. X.I. en canto recibe o aviso de emerxencia, desprazase ao lugar do sinistro.
E-4	X.I. chega ao lugar do sinistro.	<ul style="list-style-type: none"> X.I. avalía a situación e informa ó X.E.: Se as estruturas sufriron danos importantes ⇒ E-5 Se a estrutura non presenta danos importantes ⇒ E-8 Se hai feridos ⇒ ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE. Se hai un incendio ⇒ ACTUACIÓN CASO DE INCENDIO
E-5 ↓	X.I. dá instrucións aos E.P.I.	<ul style="list-style-type: none"> E.P.I. cortan a subministración de enerxía da zona
E-6 ↓	X.I. informa de situación descontrolada a X.E.	<ul style="list-style-type: none"> X.E. Pulsa alarma (hasta fin de emerxencia)
E-7 ↓	Alarma de emerxencia en continuo.	<ul style="list-style-type: none"> E.A.E. evacúan o centro dirixíndose ao punto de reunión. E.A.E. Comprobación de ausencias e informan o X.E. da zona evacuada.
E-8 ↓	Situación controlada.	<ul style="list-style-type: none"> X.E. decreta FIN DE EMERXENCIA Repregamento de medios.
E-9	Reunión X.E. e X.I. para analizar causas	<ul style="list-style-type: none"> Xeración dun informe. Comunicación o Servizo de Prevención do incidente.

No caso de que se produza unha explosión que non teña como orixe un acto delituoso, senón que se produza por algún fallo ou avaría nas instalacións do edificio, se actuará do mesmo modo que no caso de incendio. Se ten orixe delituosa, actuarase como no caso correspondente.

Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Actuación en caso de ameaza de bomba ou de sabotaxe

Medios humanos que interveñen:

Xefe de Emerxencias (X.E.)	Equipo de Alarma e Evacuación (E.A.E.)
Xefe de Intervención (X.I.)	Servizos Externos (S.E.)
Centro de Comunicación e Control – CONSERXARÍA (CCC).	

A continuación descríbense ás fases e actuación en caso de aviso de bomba.

Fase	Descrición da situación	Actuación
B-1	Aviso de colocación dunha bomba dentro da instalación (por parte do grupo que a colocou, policía, prensa, bombeiros, ...) Normalmente aviso telefónico.	<ul style="list-style-type: none"> Intentar comprobar si se trata dunha falsa alarma. Manter a calma e non activar a alarma de emerxencia.
B-2	Actuación da persoa que recibe a comunicación	<ul style="list-style-type: none"> Prolongar conversación para descubrir detalles que faciliten a identificación do explosivo. Se é posible tomar datos (Formulario en caso de ameaza de bomba).
B-3	Actuación unha vez cortada a comunicación	<ul style="list-style-type: none"> Anotar tódolos datos recibidos. Avisar urxentemente ao X.E. e ao X.I.
B-4	X.E. recibe o aviso	<ul style="list-style-type: none"> Avisa ás Forzas de Seguridade do Estado e demais S.E. Segue ás súas instrucións. Se é necesario dá a orde de evacuación. ⇒ B-5 Se non é necesario dar a orde de evacuación. ⇒ B-6
B-5	X.E. Pulsa alarma (hasta fin de emerxencia).	<ul style="list-style-type: none"> E.A.E. evacúan o centro dirixíndose ao punto de reunión. E.A.E. Comprobación de ausencias e informan o X.E. da zona evacuada.
B-6	X.I. coordina a actuación dos E.P.I.	<ul style="list-style-type: none"> E.P.I. abrirán as portas e ventás do centro. E.P.I. impedirán o acceso ao centro polas diferentes portas.
B-7	Chegada dos S.E.	<ul style="list-style-type: none"> X.E. recibe aos S.E. e informa da situación. Verificación do control por X.E. e X.I.
B-8	S.E. controla a situación.	<ul style="list-style-type: none"> Verificación do control por X.E. e X.I. X.E. decreta o FIN DE EMERXENCIA Repregamento de medios.
B-9	Reunión X.E. e X.I. para analizar causas	<ul style="list-style-type: none"> Xeración dun informe. Comunicación o Servizo de Prevención do incidente.

Non comunicar a existencia de ameaza de bomba o persoal do centro ni aos equipos de emerxencia. (Só se comunicará ao X.E. e ao X.I.)

Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE AMEAZA DE BOMBA EN CENTROS DA USC

ACTUACIÓN DA PERSOA QUE RECIBE A CHAMADA

Durante a chamada

- Activar gravadora, se se dispón dela
- Anotar a hora de inicio da chamada.
- Preguntar de que obxecto explosivo se trata, onde explotará e cando explotará. Repetir as preguntas de ser preciso.
- Reter os detalles: ruídos de fondo, acento, timbre de voz, idade ou estado emocional.

Despois da chamada

- Anotar hora de finalización da chamada.
- Informar ao Xefe/a de Emerxencias.
- Cumprimentar sen demora y coa maior precisión posible o cuestionario anexo "registro de ameaza de bomba".

ACTUACIÓN DO XEFE/A DE EMERXENCIAS

- Interrogar á persoa receptora da chamada e comprobar o "registro de ameaza de bomba".
- Avisar á Policía inmediatamente, facilitando toda a información dispoñible.
- Proceder á evacuación, no seu caso, de acordo coas indicacións da Policía.

ACTUACIÓN DO PERSOAL DO CENTRO

- Cooperar coa busca e/ou evacuación e seguir as instrucións establecidas ao efecto.
- Avisar da existencia de obxectos estraños, impedir que ninguén se achegue a eles e NON TOCALOS.

Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

ANEXO
REXISTRO DE AMEAZA DE BOMBA

<u>Texto literal da chamada:</u>	
Sexo do interlocutor/a:	Idade estimada do interlocutor/a:
Hora de inicio da chamada:	Hora de finalización da chamada:
Modo de falar e características da voz:	
Ruídos de fondo:	
Data da explosión:	Hora da explosión:
Situación do explosivo:	
Aspecto material do explosivo:	
Número de teléfono polo que entrou a chamada:	
Nome e apelidos do receptor/a da chamada:	
Data e sinatura do receptor/a da chamada	

Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Actuación en caso de intrusión e outros actos delituosos

Medios humanos que interveñen:

Xefe de Emerxencias (X.E.)	Centro de Comunicación e Control – CONSERXARÍA (CCC).
Xefe de Intervención (X.I.)	Servizos Externos (S.E.)

A continuación descríbense ás fases e actuación ante un acto delituoso.

Fase	Descrición da situación	Actuación
D-1	Actuación ante un acto delituoso (roubos, atracos, sabotaxe, etc.).	<ul style="list-style-type: none"> Manter a calma e non activar alarma de emerxencia. Avisar inmediatamente a CONSERXARÍA.
	↓	
D-2	Actuación da CONSERXARÍA	<ul style="list-style-type: none"> Avisar ao X.E. e ao X.I.
	↓	
D-3	CONSERXARÍA. (C.C.C.) comunica o aviso de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> X.E. acode a CONSERXARÍA. X.I. en canto recibe o aviso de emerxencia, desprazase ao lugar do sinistro.
	↓	
D-4	Reunión entre X.E. e X.I. para valorar a situación existente e baseándose nela actuará.	<ul style="list-style-type: none"> X.I. colabora con X.E. en determinar ás actuacións a levar a cabo: Deciden sobre a necesidade das accións a tomar. Se é posible, avisar inmediatamente a policía, e en función do sinistro a Protección Civil.
	↓	
D-5	Se a situación está controlada	<ul style="list-style-type: none"> X.E. decreta ou FIN DE EMERXENCIA
	↓	
D-6	Reunión X.E. e X.I. para analizar causas	<ul style="list-style-type: none"> Xeración dun informe. Comunicación o Servizo de Prevención do incidente.

Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15.782 Santiago de Compostela

Actuación ante Axentes da Natureza

Medios humanos que interveñen:

Xefe de Emerxencias (X.E.)

Centro de Comunicación e Control –
CONSERXARÍA (C.C.C.)

Xefe de Intervención (X.I.)

Equipo de Alarma e Evacuación (E.A.E.)

Equipo de Primeira Intervención (E.P.I.)

Servizos Externos (S.E.)

Actuación en caso de conato		
Fase	Descrición da situación	Actuación
C-1	Emerxencia por axentes da natureza (raio, inundación, terremoto,...)	<ul style="list-style-type: none"> Intentar controla situación. Se non controla a emerxencia, premer o botón de alarma e informar a C.C.C. ⇒ C-2. Se o controla, informar do incidente a C.C.C. ⇒ C-3
	↓	
C-2	Activación da alarma.	<ul style="list-style-type: none"> Os E.P.I da zona, intentan controlar situación e atacan o lume cos extintores. Os E.P.I. das outras plantas diríxense ao C.C.C. e póñense as ordes do X.E. e X.I. E.A.E está pendente da evolución da emerxencia.
	↓	
C-3	C.C.C. recibe o aviso de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> Informa a X.I e X.E. dá situación actual.
	↓	
